

PLAN CONVIVENCIA



IES DO BARRAL

PLAN DE CONVIVENCIA

Índice

| | |
|--|-----|
| 1.-INTRODUCCIÓN.-..... | 2 |
| 2.-ANÁLISE DO CENTRO E DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA.-..... | 3 |
| 2.1.- Características do centro e o seu contorno.-..... | 3 |
| 2.2.- Características da Comunidade Educativa.-..... | 6 |
| 2.2.1.- Profesorado.-..... | 6 |
| 2.2.2.-Persoal de administración e servizos..... | 6 |
| 2.2.3.- Características socioeconómicas das familia..... | 7 |
| 2.2.4.- Alumnado..... | 9 |
| 2.3.- Situación de convivencia no centro.-..... | 12 |
| 3.-Obxectivos específicos.-..... | 22 |
| 3.1.- Contribución do plan de convivencia ao desenvolvemento das competencias claves..... | 23 |
| 4.-Actuacións, medidas ou programas previstos para favorecer a convivencia, medidas preventivas, sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación..... | 23 |
| 4.1.- Programas previstos para favorecer a convivencia.-..... | 26 |
| 4.1.01.- Parte de convivencia azul..... | 26 |
| 4.1.02.- Plan de mediación escolar..... | 28 |
| 4.1.03.- Prácticas restaurativas.-..... | 36 |
| 4.1.04.- Programa básico para a adquisición de habilidades e competencias sociais.-..... | 39 |
| 4.1.05.- Charlas formativas.-..... | 47 |
| 4.1.06.- Concursos.-..... | 48 |
| 4.1.07.- Celebracións.-..... | 53 |
| 4.1.09.- Actividades deportivas.-..... | 56 |
| 4.1.10.- Contratos programa..... | 58 |
| 4.1.11.- Erasmus+..... | 59 |
| 4.1.12.- Actividades extraescolares.-..... | 59 |
| 4.1.13.- Horta escolar ecolóxica.-..... | 61 |
| 4.1.14.- Semana das Ciencias.-..... | 62 |
| 5.-Concreción en cada actuación: medidas e programas, responsables, destinatarios, procedementos para o desenvolvemento e execución das actuacións.-..... | 62 |
| 5.1.- Actuacións a nivel de centro.-..... | 62 |
| 5.2.- Actuacións destinadas ao profesorado.-..... | 64 |
| 5.3.- Actuacións destinadas ao alumnado.-..... | 65 |
| 5.4.- Actuacións destinadas ás nais e pais.-..... | 69 |
| 6.-Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situación de acoso escolar.-..... | 70 |
| Que se considera acoso?..... | 70 |
| Formas de acoso..... | 70 |
| Erradicar o acoso..... | 71 |
| Protocolo de actuación..... | 72 |
| 7.-Normas de convivencia do centro.-..... | 83 |
| 7.1.- Decálogo básico de convivencia..... | 93 |
| 8.-Conduñas contrarias ás normas de convivencia do centro e as súas correccións..... | 94 |
| Correccións pola comisión de faltas contrarias ás normas de convivencia do centro..... | 98 |
| 8.1.- Compromiso educativo para a convivencia.-..... | 109 |
| 9.-Comisión de convivencia.-..... | 111 |
| 10.-Aula de convivencia.-..... | 113 |
| 11.-Mecanismos de colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno..... | 116 |
| 12.-Estratexias para a difusión do plan de convivencia..... | 119 |
| 13.-Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia..... | 120 |
| 14.-ANEXOS..... | 126 |
| 14.01.- Anexos do plan de mediación..... | 127 |
| 14.02.- Anexo Prácticas restaurativas..... | 131 |
| 14.03.- Anexo Protocolo Acoso Escolar..... | 136 |
| 14.04.- Anexos compromiso de convivencia..... | 178 |
| 14.05.- Anexos partes de amoestación..... | 180 |
| 14.06.- Anexos aula convivencia inclusiva..... | 183 |

1.- INTRODUCCIÓN.-

A elaboración do Plan de Convivencia propiciou un proceso de reflexión de todos os sectores que compoñen a comunidade educativa sobre como educar integramente ao alumnado e como establecer estratexias preventivas ou de intervención que contribúan á mellora da convivencia. Este plan de convivencia está baseado en:

- A educación non é só adquisición de coñecementos, hábitos e técnicas; debe proporcionar ás persoas **a capacidade de asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos** dentro dos principios democráticos da convivencia, baseados no respecto á liberdade dos demais e o uso responsable da propia. A educación debe contribuír ao desenvolvemento dos valores de respecto á diversidade de opinións, na loita contra as desigualdades de calquera tipo e na diminución dos conflitos.

Neste contexto, os dereitos e deberes do alumnado adquiren unha gran importancia no proceso educativo.

- **Aprendizaxe e tratamento dos conflitos**, dende o diálogo, tolerancia, solidariedade e xustiza.
- Establecer unhas **normas baseadas no consenso**, potenciando a participación do alumnado.

Para establecer a convivencia escolar e restablecela cando se rompe, precísanse tres elementos esenciais: **conxunto de normas acordadas** e coñecidas por todos, un **sistema que detecte** os posibles incumprimentos e un **procedemento de corrección** que actúe cando se producen transgresións ás normas de convivencia.

O Plan de Convivencia é un instrumento, xurdido das reflexións de todos os sectores da Comunidade educativa, que propón medidas e iniciativas que favorecen un bo clima de convivencia no que prevalecen os valores de liberdade responsable, tolerancia, respecto ás diferencias, solidariedade, e no que poidamos resolver os conflitos mediante o diálogo.

2.- ANÁLISE DO CENTRO E DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA.-

2.1.- Características do centro e o seu contorno.-

O IES do Barral está localizado no lugar do mesmo nome, na vila de Pontearreas, a 1km do centro urbano, nun contorno semiurbano. É unha vila con 23.000 habitantes que funciona como centro comarcal do Condado e Paradanta, que é a zona de influencia en maior ou menor medida do centro. Debido o forte aumento de poboación que experimentou o concello de Pontearreas nos últimos anos, créase o IES do Barral, para solucionar a masificación que sufrían as aulas no IES Val do Tea e no IES Pedra da Auga, comezando a funcionar no curso académico 2009-10, como centro exclusivamente de ESO. Actualmente tamén imparte ensinanzas de FP Básica e Bacharelato.

É un centro relativamente novo, con instalacións e medios materiais en bo estado. O edificio e as distintas dependencias e aulas, e mesmo o contorno exterior, configuran un medio agradable para o estudo , traballo e para a convivencia. Realízase un traballo continuo de mantemento, revisión e mellora das distintas instalacións, tanto a nivel técnico (contratación do servizo de revisión de empresas especializadas), como a nivel ambiental (limpeza, pintado das aulas, concurso de aula...), como a nivel didáctico (pantallas dixitais en case todas aulas, canóns, ordenadores, conexión a internet ...).

Pero tamén hai algúns problemas:

1. Defectos significativos no deseño e na construción do centro, que teñen influencia na convivencia , como a pista cuberta, que está impracticable practicamente todo o curso, pola gran cantidade de auga que acumula. A ausencia dun salón de actos e os accesos ao centro son defectos de deseño e construción que condicionan as actividades do centro. O acceso peonil tense que facer pola beirarúa dunha estrada nacional, co perigo que supón, ou por un camiño en mal estado que pasa polo medio do monte situado ao carón do centro. Esta circunstancia condiciona negativamente a realización de actividades extraescolares, deportivas, culturais ou calquera actividade de convivencia.

2. A recente implantación das ensinanzas de bacharelato supuxo unha limitación do espazo e das aulas dispoñibles, ademais dun aumento significativo do número de alumnado que pode ter incidencia na convivencia do centro.

O centro dispón dos seguintes espazos e servizos repartidos en tres niveis:

- 17 aulas destinadas aos distintos grupos.
- Aula de convivencia e tutoría.
- Aula de desdobres.
- Aulas específicas de música, plástica e tecnoloxía.
- 2 aulas/taller de informática para formación profesional básica.
- 2 aulas de informática.
- 2 laboratorios: un de bioloxía e outro de física-química.
- Biblioteca
- Ximnasio
- 2 pistas de deporte exteriores, unha delas cuberta.
- Departamentos para os seminarios didácticos.
- Cafetería
- Despachos para equipo directivo e orientación.
- Sala de profesores.
- Oficina de administración e conserxería.
- Aula de apoio.

O centro abre pola mañá ás 8:20 h, para que o alumnado que chega antes da hora de inicio das clases poda utilizar ás instalacións . Pecha ás 15:00 h salvo os luns, nos que as instalacións permanecen abertas ata as 18:30 h. Ademais , en determinadas épocas do ano o centro abre dúas tarde á semana para atender ao alumnado que acode ao PROA e a traballar en distintos proxectos que se levan a cabo no ies. Nestes días a biblioteca e a cafetería permanecen abertas.

A **biblioteca** ten un papel medular na convivencia escolar, pois dende ela organízanse moitas actividades para o alumnado que contribúen a cohesión e a creación dun bo clima de convivencia. Ademais de ser un lugar de traballo, tamén é un lugar de lecer para moitos alumnas e alumnos. O funcionamento da biblioteca está coordinado por unha docente que coa colaboración de alumnado voluntario, que se encarga de atendela en horario non lectivos (recreo, mediodía), realizar o préstamo de libros, manter a orde e colaborar en moitas actividades que se organizan dende ela, o cal contribúe fortemente a

que o alumnado sinta o centro como algo propio e adquiran responsabilidade.

O ximnasio tamén é outro lugar punto central para a convivencia escolar. Coa colaboración do departamento de educación física, organízanse competicións deportivas nos recreos nos que participan moito alumnado.

Tanto a biblioteca como as actividades deportivas ocupan o tempo de lecer do alumnado contribuindo a redución da conflictividade neste tempo moi sensible para a convivencia do centro.

A **cafetería do centro** tamén ten un papel importante na convivencia escolar, participando no desenvolvemento de diversas actividades (concurso de aula, colabora nas distintas festividades...) e sendo un lugar agradable de lecer para os membros da comunidade educativa.

2.2.- Características da Comunidade Educativa.-

2.2.1.- Profesorado.-

No IES do Barral impártense as ensinanzas de educación secundaria (ESO), un ciclo de formación profesional básica (FPB) da modalidade de informática de oficina e o bacharelato.

Nos últimos cursos o centro conta con preto de 400 alumnos/as, cun claustro de 34 profesores/as , e 6 persoas pertencentes ao persoal de administración e servizos.

O profesorado distribúese do seguinte xeito:

| Total | Profesorado con destino definitivo | Profesorado con destino provisional |
|-------|------------------------------------|-------------------------------------|
| 34 | 20 | 14 |

Observamos un alto número de **profesores/as** con destino provisional. O claustro do IES do Barral non é moi estable, sufrindo cambios dun curso ao seguinte. Esta situación non é a idónea, sería desexable un claustro máis estable que puidera implicarse en proxectos a medio e longo prazo. A situación cambiará nos próximos curso, segundo se vaian asentando as ensinanzas de FP Básica e bacharelato de recente implantación no centro.

O claustro do IES do Barral é activo , colaborador e trata de actuar e traballar coordinadamente , buscando solucións aos problemas do alumnado. O profesorado que se incorpora cada curso entra nesa dinámica e moitas veces son eles mesmos os que estimulan estas accións, propoñendo iniciativas que melloran o funcionamento do centro.

2.2.2.-Persoal de administración e servizos

Está formado por:

- 1 administrativo.
- 2 conserxes.
- 2 persoas do servizo de limpeza.
- 1 coidadora

A labor do persoal non docente é imprescindible para o bo funcionamento do centro, e facilita moito o traballo aos demais membros da comunidade educativa. Realizan en moitas ocasións, labores moi necesarias nun centro educativo, que non corresponden as súas funcións e que teñen unha incidencia moi positiva no clima de convivencia do centro.

2.2.3.- Características socioeconómicas das familia

Coñecer as características socioeconómicas das familias e do contorno do que proceden, permítenos saber a cultura e os valores que transmiten ás súas fillas e fillos, as expectativas académicas e laborais que teñen sobre os mesmos, factores que condicionan en gran medida o comportamento do alumnado.

O nivel socioeconómico e cultural das familias do centro é medio-baixo segundo o nivel de estudos dos pais e nais, situación laboral e profesional das familias, recursos materiais (ordenadores, conexión a internet, televisión por satélite, lugar de estudo...) e culturais (nº libros en casa, libros de consulta...).

| Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares segundo o sexo e o nivel de estudos | | | | | | | | |
|--|--------------|---------------|-------------|---------------|---------------|---------------|--------------|---------------|
| | Ponteareas | | Covelo | | Vigo | | Pontevedra | |
| Non sabe ler ou escribir | 390 | 2,5% | 208 | 6,1% | 2364 | 1,0% | 676 | 1,1% |
| Menos de 5 anos de escolarización | 3464 | 22,0% | 855 | 25,2% | 20057 | 8,4% | 4553 | 7,2% |
| Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB | 3444 | 21,8% | 907 | 26,7% | 55865 | 23,3% | 13854 | 22,0% |
| Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo | 4658 | 29,5% | 805 | 23,7% | 64324 | 26,9% | 16672 | 26,4% |
| Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU | 1547 | 9,8% | 227 | 6,7% | 35377 | 14,8% | 10800 | 17,1% |
| FPI, FP grao medio, Oficialía industrial | 482 | 3,1% | 76 | 2,2% | 12188 | 5,1% | 2045 | 3,2% |
| FP II, FP grao superior, Mestría industrial | 689 | 4,4% | 107 | 3,2% | 13178 | 5,5% | 3118 | 4,9% |
| Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica | 619 | 3,9% | 96 | 2,8% | 17276 | 7,2% | 5440 | 8,6% |
| Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior | 463 | 2,9% | 109 | 3,2% | 17667 | 7,4% | 5662 | 9,0% |
| Doutoramento | 24 | 0,2% | 1 | 0,0% | 1221 | 0,5% | 219 | 0,3% |
| Total | 15780 | 100,0% | 3391 | 100,0% | 239517 | 100,0% | 63039 | 100,0% |

Como pode observarse nas seguintes táboas a porcentaxe de persoas nos concellos de Ponteareas e Covelo que carece de estudos elementais é moi elevado.

Taxa de analfabetismo en maiores de 16 anos:

| | |
|-------------------------|-----|
| 27018 Fonsagrada, A | 1,4 |
| 27059 Sober | 1,1 |
| 36042 Ponteareas | 2,5 |
| 36013 Covelo | 6,1 |
| 36014 Crecente | 3,6 |
| 36038 Pontevedra | 1,1 |
| 36057 Vigo | 1,0 |

Datos censais do IGE ano 2001

Observamos en moitas das familias do noso alumnado os seguintes aspectos:

- **Falta de recursos económicos**; moitas familias fan uso habitual dos servizos sociais e das axudas económicas que o concello e a xunta ofrece.
- **Familias desestruturadas, disfuncionales**, cunha problemática que dificulta o desenvolvemento do alumnado, xeralmente por recibir unha educación excesivamente laxa, sen normas, límites e con sobreprotección.

O nivel de estudos e profesional dos pais e nais do noso alumnado é baixo, o que implica unha limitación, en moitas das familias do noso alumnado, de recursos (libros, medios informáticos) para o estudo. Isto reflíctese en:


- **falta de supervisión e control familiar** na marcha e desenvolvemento escolar do alumnado.
- falta de **hábitos e técnicas de estudo**.
- **falta de motivación** para os estudos.
- **nivel de expectativas baixo** nunha porcentaxe significativa de pais/nais.
- atraso acumulado nas **destrezas básicas de lectura e escritura**.
- alto número de **alumnado con necesidades educativas especiais ou de atención específica**, debido a problemas de déficit de atención e hiperactividade.
- alumnado con problemas de conduta e comportamento, presentes xa dende a etapa de educación primaria.

2.2.4.- Alumnado

Procedencia do noso alumnado

O noso alumnado procede fundamentalmente dos centros de primaria: CEIP Santiago de Oliveira, CEIP M. Ramiro Sabell, CEIP Feliciano Barrera e do CEIP Antonio Blanco do concello de Covelo.

Parroquias do Concello de Pontareas das que procede o noso alumnado



Gran parte do noso alumnado procede das distintas parroquias dos concellos de Pontearreas e Covelo, polo que deben utilizar o transporte escolar para acudir ao centro. Mesmo, hai alumnado de Covelo que debe facer transbordo a un microbús para poder acceder ás súas casas. Isto limita en gran medida as actividades fóra do horario escolar que se poden desenvolver no centro

Alumnado con necesidades educativas especiais:

| Curso escolar 2016-17 | Nº alumnos/as |
|---|----------------------|
| Discapacidade física: Motora | 2 |
| Discapacidade intelectual. Leve | 2 |
| Discapacidade sensorial auditiva: Hipoacusia media | 1 |
| Discapacidade sensorial visual: Deficiencia visual | 2 |
| Síndrome de Asperger | 1 |
| Trastornos disruptivos do control dos impulsos e da conduta | 2 |

- **Alumnado con altas capacidades intelectuais:** 1 alumno/a
- **Alumnado con dificultades específicas da aprendizaxe:**

| | Nº alumnos/as |
|----------------------------|----------------------|
| Con outras dificultades | 38 |
| Con trastorno da escritura | 1 |

- **Alumnado con especiais condicións persoais ou de historia escolar:**

| | Nº alumnos/as |
|--|----------------------|
| Dificultades psicolingüísticas trastorno comunicativo. Mutismo electivo | 1 |
| Dificultades psicolingüísticas trastorno comunicativo. Outros trastornos | 2 |
| En situación de desvantaxe socio-educativa | 13 |

- **Alumnado con trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade (TDAH):**

| | Nº alumnos/as |
|---------------------------------------|----------------------|
| Déficit de atención | 3 |
| Déficit de atención e hiperactividade | 5 |
| Con dislexia | 1 |

| | Nº alumnos/as |
|--|----------------------|
| Alumnado sometido a medidas de protección e tutela | 1 |
| Ambientes desfavorecidos ou marxinais | 12 |

Características do alumnado.-

O alumnado de IES do Barral presenta as seguintes características:

- pouco conflitivo e con bo comportamento xeral.
- moi participativo, en todo tipo de actividades tanto lúdicas como formativas.
- alto número de estudantes con necesidades educativas especiais por proceder de sectores sociais en clara desvantaxe socioeconómica.
- rendemento académico medio.

| Resultados académicos (Avaliación final de xuño curso 2015-16) | | | | |
|---|---------------|------------------|------------------------------|------------------------|
| | Nº alumnos/as | Aproban todas | Suspenden máis de 4 materias | Promocionan ou titulan |
| TOTAL ESO | 318 | 145 (46%) | 86 (27%) | 232 (73%) |
| 1º ESO | 97 | 44 (45%) | 28 (29%) | 69 (71%) |
| 2º ESO | 80 | 37 (46%) | 19 (24%) | 61 (76%) |
| 3º ESO | 74 | 22 (30%) | 33 (45%) | 41 (55%) |
| 4º ESO | 67 | 42 (62%) | 6 (9%) | 61 (91%) |

Nos últimos cursos observamos unha tendencia crecente na diverxencia do alumnado en canto o rendemento académico, polo que podemos establecer dous grupos de alumnos e alumnas cada vez máis claros: un grupo de alumnos de rendemento académico bo ou moi bo e outro grupo, que representa case un 30% do alumnado con rendemento insatisfactorio.

Este último grupo é heteroxéneo: alumnado con situacións familiares difíciles, falta de motivación, sen interese polos estudos, con problemas de aprendizaxe, con problemas de concentración, sen método de estudo, non saben organizar o tempo, non teñen constancia, e algúns con condutas e actitudes moi negativas.


2.3.- Situación de convivencia no centro.-

2.3.1.- Enquisas


Durante o curso 2016/2017 realizamos un estudo sobre a convivencia mediante enquisas realizadas a alumnado e familias.

A enquisa realizada ao alumnado reflicte os seguintes resultados:


1. Estás a gusto no IES?




2. Estás a gusto na túa clase?



3. Como te levas cos teus compañeiros/as?



4. Con que frecuencia aparecen agresións e conflitos no IES?




5. Sinala cal ou cales son os conflitos máis frecuentes no IES?




6. Algún compañeiro/a ou grupo de compañeiros/as se estiveron a meter contigo, ríronse de ti, agredíronte ou faláron mal de ti, ou sentes que te maltrataron ou abusaron de ti?



7. Dende que comezou o curso, metícheste, rícheste, agredíches ou faláches mal de alguén, ou sentes que maltrataches ou abusaches de algún compañeiro/a?




8. Cando tes un problema persoal, sinala con quen cres que podes contar no instituto para que te axude?




9. Cando hai problemas de convivencia no instituto, normalmente resólvense?




10. Cando se toman decisións importantes no instituto?




11. Segundo a túa opinión como son as relacións e a comunicación entre alumno/as.



12. Aínda que non cheguemos sempre a acordos no instituto podemos manifestar a nosa opinión de maneira aberta.




13. A maneira na que o equipo directivo aborda os problemas ou conflitos é a mais axeitada.



14. Nas clases o profesorado e o alumnado elaboramos un pequeno número de normas que se aplican habitualmente.



15. No instituto préstase moita atención e dálle importancia cando un alumno/a se mete constantemente con outro/a.




16. Estou satisfeito/a coa ensinanza dos profesores/as




Page 52


17. Os/As profesores/as, dende principio de curso, comunicanos claramente aos alumnos/as que comportamento é o adecuado e cal non




18. Na miña clase, os profesores/as controlan rápida e adecuadamente as faltas de disciplina



19. Na miña clase, os profesores/as tratan a todos os alumnos/as por igual e sen favoritismo



20. O profesorado mantén relacións positivas cos alumnos/as e destacan os seus esforzos por aprender.



21. O profesorado ten en conta a opinión dos alumnos/as para resolver os problemas




22. O profesorado ten un trato frío e distante cos alumnos/as




23. Na miña clase tratamos por igual a nenos e nenas.



24. Na miña clase aceptamos as diferenzas individuais e tratámonos con respecto.



25. Na miña clase gústanos que haxa alumnos/as de países e culturas diferentes a...



26. Na miña clase manteño boas relacións de amizade con....




27. Cando teño que realizar tarefas escolares, na miña clase poden contar con...



28. Se teño un problema persoal na miña clase poden contar con...



29. Consideras que as posibles solucións aos problemas de convivencia serían.....



Enquisa alumnado: responderon a enquisa 368 alumnos/as.-

- **A maioría do alumnado (mais do 75 %) atópase a gusto no IES, na súa clase e lévase ben ou moi ben cos seus/súas compañeiros/as.** Así mesmo, consideran maioritariamente que as relacións e a comunicación entre o alumnado é boa ou excelente.
- **Case un 20 % do alumnado percibe que os conflitos son frecuentes ou moi frecuentes no centro** e aínda que a porcentaxe de alumnado que recoñecen que **sufriron algún tipo de agresión verbal ou física é moi pequena (3,5 %)** é un dato preocupante, pois supón que case **un/unha alumno/a por aula non está cómodo no centro.** Por contra , cando se lles pregunta se son eles os agresores case o 100 % contesta que nunca se meteron , burlaron ou agrediron a un compañeiro/a, salvo **31 alumnos/as recoñecen que ocasionalmente o fan.**
- Unha gran proporción do **alumnado considera que o centro presta moita atención e dálle importancia a estes problemas, e considera que o equipo directivo aborda estes problemas de forma axeitada.**
- **O conflito mais frecuentes segundo o noso alumnado son as agresións verbais:** insultar, ameazar , berrar, meterse con alguén, alcumes,... En menor medida recoñecen problemas co consumo de drogas e as condutas disruptivas na aula.
- A forma máis frecuente de resolver os conflitos de convivencia no centro , segundo a opinión do alumnado é con castigos ou sancións e **dialogando e chegando a acordos.**


- **O alumnado confía no profesorado e nos/as seus/súas titores/as** para comunicarlle as decisións importantes e maioritariamente consideran **que poden manifestar a súa opinión de maneira aberta e dita opinión se lle terá en conta** .Sen embargo , case a metade do alumnado recoñece que **o profesorado non acorda con eles as normas de convivencia da aula** , aínda que a gran maioría afirma que dende principio de curso se lles comunica claramente cales son ditas normas.
- **Máis de un 70% do alumnado manifesta estar satisfeito coa ensinanza** que recibe de todos ou case todos os/as profesores/as.
- Segundo a opinión do alumnado **o profesorado controla rápida e adecuadamente as faltas de disciplina e trata ao alumnado por igual**, sen favoritismos.
- **As relacións entre o alumnado e o profesorado son positivas** e o trato é próximo.
- O alumnado considera que os seus compañeiros/as de clase aceptan as diferencias individuais , trátanse con respecto, gústalles que haxa alumnos/as de culturas diferentes, tratan por igual a compañeiros/as e manteñen boas relacións de amizade entre eles.
- Mais de un 70% afirma que pode contar coa axuda de todos ou a maioría dos seus/súas compañeiros/as para realizar tarefas escolares, pero esta porcentaxe baixa ata un pouco máis da metade cando a axuda se refire a axuda de problemas persoais.
- O alumnado considera que as posibles solucións aos problemas de convivencia pasarían por traballar máis os temas de convivencia no centro, que o profesorado aplique por igual as normas de convivencia e **favorecer unha maior participación dos alumnos na resolución destes problemas**.

Enquisa familias: responderon a enquisa 140 familias.-

| RESULTADOS DE ENQUISA PARA FAMILIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR. IES DO BARRAL 2016-2017 | | | | | | |
|--|--|--|-----------------------------------|---|---|--------------------|
| | Nada de acordo | Algo de acordo | De acordo | Totalmente de acordo | total | Resultado sobre 10 |
| 1. Estou satisfeito/a de que o meu fillo/a estude no instituto. | 1 | 6 | 50 | 82 | 139 | 8,83 |
| 2. Comparto a maneira de educar neste instituto. | 2 | 12 | 81 | 45 | 140 | 8,02 |
| 3. A ensinanza que recibe meu fillo/a responde ao que esperaba. | 2 | 22 | 75 | 40 | 139 | 7,75 |
| 4. As/os profesores/as esperan que meu/miña fillo/a aprenda. | 3 | 9 | 76 | 45 | 133 | 8,06 |
| 5. Neste instituto os/as alumnos/as teñen que traballar moito para sacar boas notas. | 2 | 32 | 65 | 36 | 135 | 7,5 |
| 6. Os/as alumnos/as neste instituto saen con boa preparación. | 3 | 23 | 64 | 33 | 123 | 7,58 |
| 7. Meu/miña fillo/a atópase integrado no instituto. | 1 | 3 | 56 | 79 | 139 | 8,83 |
| 8. Cando me poño en contacto co instituto trátanme con corrección. | 2 | 6 | 31 | 98 | 137 | 9,11 |
| 9. Teño información suficiente sobre os asuntos que me interesan no instituto. | 3 | 17 | 61 | 54 | 135 | 8,07 |
| 10. Hai oportunidades para que me implique na marcha do instituto. | 5 | 24 | 65 | 38 | 132 | 7,58 |
| 11. Persoalmente intento participar e axudar ao instituto cando sexa posible. | 13 | 39 | 64 | 18 | 134 | 6,62 |
| 12. O instituto informa con rapidez das faltas de asistencia A clase de meu/miña fillo/a. | 0 | 1 | 14 | 123 | 138 | 9,71 |
| 13. Se existe calquera problema de relación co meu/miña fillo/a, o centro adoita comunicarmo rapidamente. | 2 | 6 | 56 | 71 | 135 | 8,63 |
| 14. O/a titor/a está dispoñible para atenderme cando o solicito. | 3 | 6 | 48 | 79 | 136 | 8,73 |
| 15. O/a titor/a de meu/miña fillo/a coñéce ben e interésase por el/ela. | 3 | 13 | 60 | 58 | 134 | 8,23 |
| 16. Os/as profesores/as deste instituto traballan en equipo. | 4 | 23 | 66 | 35 | 128 | 7,58 |
| 17. O instituto ocúpase de proporcionar axuda Aos alumnos/as que o necesitan. | 4 | 25 | 57 | 49 | 135 | 7,8 |
| 18. Pódese acceder ao equipo directivo con facilidade Sentindo que son escoitado/a. | 1 | 16 | 59 | 58 | 134 | 8,25 |
| 19. O instituto ten en xeral un aspecto limpo. | 1 | 9 | 59 | 69 | 138 | 8,55 |
| 20. O instituto funciona con orde. | 1 | 10 | 66 | 58 | 135 | 8,35 |
| 21. O instituto é un lugar seguro para meu fillo/a | 4 | 27 | 54 | 56 | 141 | 7,87 |
| 22. A forma de solucionar os conflitos neste instituto é a adecuada. | 2 | 20 | 64 | 47 | 133 | 7,93 |
| 23. Coñezo ben as normas de convivencia do instituto. | 4 | 25 | 74 | 30 | 133 | 7,44 |
| 24. Comento co meu/mina fillo/a os incidentes que Ocorren no instituto e as formas previstas para solucionarlos. | 2 | 14 | 61 | 59 | 136 | 8,25 |
| 25. Cando existen conflitos ou problemas de disciplina Resólvense adecuadamente. | 0 | 20 | 68 | 45 | 133 | 7,97 |
| 26. O instituto toma as medidas necesarias para que non haxa incidentes nas saídas e excursións. | 0 | 5 | 64 | 63 | 132 | 8,6 |
| 27. As medidas de seguridade ao entrar e saír ou En horas de recreo son as adecuadas. | 4 | 19 | 54 | 48 | 125 | 7,92 |
| 28. Corrixo a meu/miña fillo/a na casa se teño queixas de condutas ou do seu rendemento académico no instituto. | 1 | 0 | 26 | 108 | 135 | 9,46 |
| 29. O clima de convivencia deste instituto é bo. | 1 | 13 | 62 | 52 | 128 | 8,22 |
| 30. En xeral, os/as profesores/as deste instituto ensinan ben. | 2 | 24 | 63 | 42 | 131 | 7,77 |
| 31. Fago un seguimento próximo do meu/miña fillo/a. | 0 | 10 | 48 | 77 | 135 | 8,74 |
| 32. O clima da aula e do centro repercuten no rendemento académico de meu/miña fillo/a. | 5 | 16 | 52 | 62 | 135 | 8,17 |
| 33. Estou satisfeito/a co rendemento escolar do meu/miña fillo/a. | 6 | 29 | 55 | 41 | 131 | 7,5 |
| | Ata rematar os estudos obrigatorios (ESO) | Ata rematar un ciclo formativo de grao medio. | Ata rematar o bacharelato. | Ata rematar un ciclo formativo de grao superior. | Ata rematar unha carreira universitaria. | |
| 34. Ata que nivel educativo esperan vostedes que estude a súa filla ou fillo? | 5 | 10 | 6 | 18 | 89 | |

| | Non recibe axuda de ninguén. | Recíbea dun profesor/a particular ou asiste A unha academia. | Da familia: pais, irmáns, avós. | Dos amigos/as ou compañeiros/as | total | |
|--|---|--|---------------------------------|---------------------------------|-------|--|
| 35. Despois da clase de quen recibe axuda a súa filla/o Para realizar os deberes e estudar?. | 33 | 42 | 67 | 5 | 147 | |
| 36. Que aspectos de convivencia do centro cres Que son mellorables? Como se faría? Quen o faría? (1ºESO) | <p>"Que cada profesor dea clase de la asignatura que se ha especializado y no otras asignaturas." "No meu primeiro ano vexo que hai boa convivencia"</p> <p>"Mais flexibilidade de horario para entrevista pais-profesores"</p> <p>"O exterior do centro non convida a convivencia pois faltan zonas verdes e as instalacións deportivas son impracticables cando chove"</p> <p>"Aumentar os controis na entrada do centro para vixiar os que fuman"</p> <p>"Integración dos novos alumnos, seguimento dos mesmos, intentar que os que teñen actitude dominante se sintan apartados e ninguén excluído"</p> | | | | | |
| 36. Que aspectos de convivencia do centro cres Que son mellorables? Como se faría? Quen o faría? (2ºESO) | <p>"Crítica ós titores: debería ser vocacional, e que se traballe mais uniformemente entre eles" Mais vixilancia ao alumnado con cámaras que funcionen""Que os rapaces non fagan toda a limpeza do patio , senon o persoal autorizado ""Non fumar nas inmediacións do centro"</p> <p>"Mais motivación do profesorado no proceso ensino-aprendizaxe"</p> <p>"organizar as clases en función do nivel académico do alumnado"</p> | | | | | |
| 36. Que aspectos de convivencia do centro cres Que son mellorables? Como se faría? Quen o faría? (3ºESO) | <p>"mellorar a limpeza: castigando aos responsables coa limpeza do que tiren"</p> <p>"Poñer cámaras para vixiar aos infractores""falar entre os que teñen o problema"</p> <p>"Os profesores mais pacientes cos alumnos"problemas co consumo de drogas"</p> | | | | | |
| 36. Que aspectos de convivencia do centro cres Que son mellorables? Como se faría? Quen o faría? (4ºESO) | <p>"Os alumnos expulsados , castígalos no centro, e non mandalos para casa"</p> <p>"Mais profesorado de garda nos recreos""Mais excursións"</p> <p>"Motivar ao alumnado, talleres de innovación educativa de interes. Equipos interdisciplinares con axuda da xunta."</p> | | | | | |
| 36. Que aspectos de convivencia do centro cres Que son mellorables? Como se faría? Quen o faría? (1ºBAC) | <p>"control de drogas no IES""Respeto cara os profesores e os compañeiros"</p> | | | | | |
| 36. Que aspectos de convivencia do centro cres Que son mellorables? Como se faría? Quen o faría? (FP B) | <p>"Menos partes e mais diálogo"</p> | | | | | |

CONVIVENCIA FAMILIA



Os resultados son bastante positivos. Se trasladamos as respostas a unha escala de 10, na maioría das preguntas temos nota igual ou superior a 8, é dicir, están totalmente de acordo coa labor que se fai no centro. O resto das preguntas están entre 8 e 7,5. Só unha pregunta ten unha valoración inferior a 7 e refírese a participación das familias no centro.

2.3.2.- Medidas correctoras para corrixir as condutas contrarias ás normas.-

Segundo a gravidade da conduta contraria ás normas de convivencia impóñense tres tipos de amoestacións, diferenciadas polas cores das follas nas que están impresas (verdes, amarelas e vermellas). As condutas contrarias as normas de convivencia máis leves corríxense cun parte verde e as máis graves con parte vermello, sendo as intermedias corrixidas cun parte amarelo. Ademais existe un parte positivo de convivencia de cor azul que se impón para recoñecer actuacións, individuais ou colectivas, que contribúan a promoción da convivencia no centro.

| Partes por curso académico | | | | | | |
|------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Curso académico | 2010-11 | 2011-12 | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 |
| Total alumnado | 240 | 258 | 298 | 306 | 326 | 338 |
| Nª partes de amoestación | 490 | 328 | 313 | 280 | 320 | 309 |
| Parte / alumno | 2,04 | 1,27 | 1,05 | 0,92 | 0,98 | 0,91 |
| Procedementos disciplinarios | | 7 | 12 | 16 | 5 | 8 |
| Expulsións 3 días | | | 22 | 28 | 36 | 22 |

O número de conflitos e as medidas correctoras aplicadas veñen reflectidas nas seguintes táboas:

- Datos curso 15-16:

| TOTAL PARTES POR AVALIACIÓN NO CURSO 2015/16 | | | | | | | | |
|--|----------------|-----|----------|-----|----------|-----|-------|-----|
| | 1ª Aval. | | 2ª Aval. | | 3ª Aval. | | Total | |
| | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % |
| VERDES | 42 | 44% | 56 | 47% | 53 | 55% | 151 | 49% |
| AMARELOS | 53 | 56% | 58 | 49% | 41 | 43% | 152 | 49% |
| VERMELLOS | 0 | 0% | 4 | 3% | 2 | 2% | 6 | 2% |
| TOTAL PARTES NEGATIVOS | 95 | | 118 | | 96 | | 309 | |
| AZUIS | 46 | | 7 | | 52 | | 105 | |
| Expulsións 3 días | 4 | | 11 | | 7 | | | |
| Acumulación partes | 4 | | 7 | | 5 | | | |
| Expedientes disciplinarios | 1 | | 7 | | 0 | | | |
| Mediación | 5 casos | | | | | | | |

- **Expedientes:**
 - Abríronse 8 **expedientes disciplinarios**.
 - 6 destes expedientes abríronse a alumnos de 1º ESO e 2 expedientes a alumnado de 3º ESO.
 - **Causas da apertura destes procedementos:**
 - 5 por acoso escolar
 - 2 por portar substancias prexudiciais para a saúde
 - 1 por reiteración de faltas.
 - **Medidas correctoras:**
 - suspensión do dereito a asistencia a clase 1 mes en 2 expedientes.
 - suspensión do dereito a asistencia a clase de 15 días en 3 expedientes.
 - suspensión do dereito a asistencia a clase de 5 días en 2 expedientes, permanecendo no centro eses días para elaborar un traballo que finalmente expuxeron en varios grupos.
 - traballo no recreo sobre o tema polo que foi sancionado.

O número de partes de amoestación impostos ao alumnado baixou significativamente, a pesar de que o número de alumnos/as matriculados foi aumentando paulatinamente nos últimos cursos académicos. Ademais, parte do aumento do número de alumnos/as nos cursos académicos recollidos na anterior táboa produciuse pola creación dos dous grupos de PCPI, substituídos por grupos de formación profesional básica. Este alumnado non está especialmente motivado polo estudo, sendo alumnado potencialmente conflictivo.

As causas deste descenso son:

- aplicación estrita das normas de convivencia recollidas nas normas de organización e funcionamento.
- seguimento puntual no cumprimento das sancións e das medidas correctoras.
- resolución de conflitos entre o alumnado empregando a mediación.
- comunicación rápida e continua ás familias do alumnado (vía SMS ou telefónica) cando xorden problemas de convivencia.
- distintas iniciativas e actividades de convivencia que se realizan no centro (enquisas para coñecer a situación da convivencia dende os distintos puntos de vista da comunidade educativa, traballo nas titorías, reunións espontáneas co alumnado ...)
- derivación do alumnado con baixa motivación a FP Básica, de carácter máis práctico e onde as expectativas de titulación para o alumnado son máis reais.

- implicación do alumnado na vida do centro, como reflicte a alta participación e organización, en moitos casos, polo propio alumnado das actividades extraescolares (magosto, nadal, entroido, proxectos extraescolares e fin de curso).

O número de procedementos disciplinarios abertos é alto . Sinalar que a maior parte destes procedementos foron abertos a un número reducido de alumnos e alumnas (3 ou 4), polo que non reflicte o clima de convivencia no centro, pero si a existencia de alumnado que presenta un comportamento moi disruptivo, difícil de corrixir cos medios dos que dispón do centro. Precisaríamos axuda específica externa, pois son problemas dificilmente tratables dende un centro educativo.

As **causas** máis frecuentes dos conflitos son as seguintes:

- **Alterar o desenvolvemento das clases**, supón ao redor dun 30% dos conflitos.
- **Actitude pasiva**, non facer deberes ou non traer material de xeito reiterado, representa ao redor do 20%.
- As **faltas de respecto ao profesorado** representan ao redor dun 10% dos conflitos.
- As **faltas de respecto aos compañeiros e compañeiras** representan outro 10%.

Aínda que o número de amoestación é alto, a convivencia no IES do Barral é boa, a é conflitividade baixa, tanto nas relacións entre o alumnado, dentro das aulas, e na relación profesorado-alumnado. Todo o profesorado destaca que o ambiente de traballo nas clases é bo, que o alumnado potencialmente disruptivo é escaso, está controlado e non interrompe o desenvolvemento das clases. Esta mesma percepción ten o alumnado da vida no centro, como se desprende das enquisas realizadas ao alumnado nas titorías e polo grupo de traballo de convivencia escolar. Así mesmo, os pais e nais teñen unha opinión positiva sobre a convivencia das súas fillas e fillos no centro segundo o que comentan nas titorías e nas enquisas realizadas pola avaliación diagnóstico.

3.- Obxectivos específicos.-

- Fomentar na comunidade educativa os valores de **tolerancia**, respecto á **diversidade**, a **igualdade de xénero** e en definitiva os valores democráticos.
- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa respecto á importancia dunha axeitada convivencia escolar, fomentando unha convivencia pacífica, desenvolvendo habilidades de comunicación e relación social.
- Fomentar e difundir as normas de convivencia co fin de que se adopte un comportamento que permita respectar e desenvolver os dereitos e deberes de todos os membros de la comunidade educativa.
- Facilitar á comunidade educativa a prevención, detección , actuación, seguimento e resolución de conflitos que puideran aflorar no centro.
- Impulsar a mediación e as prácticas restaurativas como solución pacífica e dialogada aos problemas de convivencia e asunción de responsabilidades.
- Favorecer a escoita activa e a toma de decisións por consenso.
- **Recuperar os conceptos de deber, disciplina e do respecto ao traballo** de todos os membros da comunidade educativa.
- **Informar ao alumnado dos seus dereitos e deberes** .
- Formar ao **profesorado en técnicas e estratexias en resolución de conflitos**.
- **Fortalecer a autoridade do profesorado** a través do cumprimento das normas de convivencia do centro.
- **Coidar e conservar as nosas instalacións**, manténdooas limpas e ordenadas.
- **Fomentar un ocio activo** e uns hábitos de conduta que contribúan a unha vida saudable.
- Crear un **ambiente de traballo en equipo**, potenciando actividades en grupo, buscando a cohesión do alumnado, conseguindo un clima de boa convivencia.
- **Mellorar a comunicación co alumnado**, ben a través dos seus titores e titoras, delegados e delegadas.
- **Previr o absentismo escolar**.
- **Promover a participación de todos os membros da nosa comunidade educativa** (profesorado, alumnado, persoal no docente, nais e pais), en acciónes que contribúan a mellorar a convivencia xeral do centro.

3.1.- Contribución do plan de convivencia ao desenvolvemento das competencias claves.

Manter un axeitado clima de convivencia escolar vai propiciar un ambiente escolar adecuado para desenvolver as competencias clave, por tanto, o plan de convivencia contribúe o desenvolvemento de ditas competencias, pero sobre todo as seguintes:

| |
|---|
| Competencia lingüística |
| Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita que nos axuda á reflexión, representación, interpretación e comprensión da realidade; á construción, organización e comunicación dos coñecementos; á autorregulación das accións, procedementos e comportamentos e á resolución de conflitos. |
| Competencia social e cívicas |
| Comprender a realidade social na que vivimos, cooperar, conversar e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. |
| Aprender e utilizar estratexias para afrontar e resolver conflitos de forma dialogada e pacífica. |
| Competencia para aprender a aprender |
| Reflexionar sobre a necesidade de adquirir coñecementos e habilidades que permitan afrontar a resolución de conflitos de xeito pacífico. |
| Aprender a autoavaliar as situacións da vida cotiá relacionadas coa convivencia. |
| Valorar as habilidades aprendidas como axuda para adquirir coñecementos futuros. |
| Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor |
| Desenvolver a autonomía do alumnado a través de estratexias metodolóxicas que permitan ao alumno/a traballar por si só segundo as súas capacidades, ritmo persoal e posibilidades cognitivas e afectivas. |
| Aplicar valores e actitudes como a responsabilidade, a constancia, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir e establecer proxectos, afrontar problemas, así como aprender dos erros demorar a necesidade da satisfacción inmediata. |
| Uso e valoración das TICs |

4.- Actuacións, medidas ou programas previstos para favorecer a convivencia, medidas preventivas, sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.

As actuacións e medidas previstas deben centrarse nos seguintes puntos esenciais para a convivencia no centro:

- a) **Os aspectos organizativos**, son elementos moi importantes na convivencia escolar. Os aspectos organizativos de especial importancia son:
- **os criterios para a organización do alumnado.** O alumnado debe agruparse de xeito heteroxéneo, evitando formar grupos en base as optativas, repetidores, ou calquera outro criterio que orixine grupos de alumnos/as aos que non lles importa nada os contidos escolares, e por tanto, convértense en grupos onde a convivencia entre o alumnado e o profesorado se deteriora significativamente.
 - **asignación de titorías.** O equipo directivo, sempre que sexa posible, deberá ter en conta á hora de asignar ás titorías aspectos como modo de xestionar as clases, relación de empatía co alumnado, experiencia...
 - **control de espazos e tempos especialmente sensibles.** O tempo de recreo, a entrada e saída do alumnado do centro, os baños, os cambios de clase condicionan moito a convivencia no centro, pois son lugares e momentos onde se producen a maioría dos conflitos e problemas de convivencia. Deben reforzarse as gardas do profesorado nestes puntos e organizar un sistema de vixilancia e control dos corredores nos cambios de clase, a cargo de profesorado que vixíe os corredores só nos cambios de clase para solventar e disuadir posibles problemas de convivencia. Pero, o control e a prevención dos problemas de convivencia é responsabilidade de todo o profesorado, que debe colaborar e participar activamente nesta tarefa.
- b) **Democracia plena**, tendo en conta a opinión do alumnado e as súas achegas para mellorar a organización e funcionamento do centro. A participación do alumnado non debe reducirse aos órganos formais de participación. Debemos escoitar a súa voz, pois eles son realmente os que coñecen o que ocorre no centro, as causas de por qué ocorre, con quen, en qué circunstancias.
- c) **Autoridade** do profesorado ante o alumnado, conseguida cando o alumnado observa no profesorado responsabilidade e firmeza, e ao mesmo tempo

flexibilidade e adaptación as circunstancias, liberdade, respectuoso coas normas establecidas por todos. Neste caso o alumnado tende a comportarse do mesmo xeito. Trataremos de evitar o autoritarismo, a imposición de normas ríxidas, ameazas e berros, que tratan de ocultar problemas de convivencia que deben solucionarse dun xeito máis educativo.

d) Coordinación entre o profesorado e o alumnado mediante a creación dunhas pautas de actuación consensuadas, para evitar que o alumnado teña que adaptarse as singularidades de cada profesor ou profesora.

e) Curriculum que contemple os intereses, as motivacións, as expectativas e a diversidade do alumnado. Debemos configurar un curriculum que parta das realidades e coñecementos do noso alumnado, que atenda as súas carencias e dificultades, próximo aos seus intereses, motivacións. Se conseguimos motivar ao alumnado e despertar o seu interese por aprender, automaticamente mellorará significativamente a convivencia no centro.

4.1.- Programas previstos para favorecer a convivencia.-

4.1.01.- Parte de convivencia azul

Co obxectivo de mellorar a calidade na convivencia no centro, acórdase crear o “ parte azul” . Este parte positivo de convivencia trata de valorar e recoñecer aqueles comportamentos do alumnado que incidan positivamente na convivencia do centro. Para aplicación do parte, que pode ser individual, pequeno grupo ou ao grupo-clase terase en conta distintos aspectos que van dende a mellora do comportamento, melloría no rendemento académico, accións solidarias, colaboración en actividades do centro, decoración da aula e todas as iniciativas que melloren a convivencia no centro.

Asignarase en dito parte unha puntuación para o concurso de aula a cada criterio que posteriormente repercutirá no concurso do IES “unha clase con clase”:

CRITERIOS DE APLICACIÓN E PUNTUACIÓN ASIGNADA A CADA UN DOS CRITERIOS ESTABLECIDOS PARA O CONCURSO DE AULA:

| APLICACIÓN INDIVIDUAL | PUNTUACIÓN |
|---|--|
| 1. Axudantes de biblioteca, comedor..... | 5 puntos |
| 2. Promoción de actividades que melloran a convivencia do centro(club de baile, club de xadrez,...) | 10 puntos |
| 3. Traxectoria ascendente(mellora no plano académico e actitudinal) | 10 puntos |
| 4. Accións solidarias | 10 puntos |
| | |
| APLICACIÓN GRUPAL | PUNTUACIÓN |
| 1. Comportamento axeitado durante as clases como mínimo durante 2 semanas | Tantos puntos como alumnado teña o grupo |
| 2. 1 mes sen partes, ou ben un mes de redución de partes (puntuará igualmente se só é un alumno o que o recibe) | Tantos puntos como alumnado teña o grupo |
| 3. Accións solidarias que melloren a convivencia no centro | Tantos puntos como alumnado teña o grupo |
| 4. Mellor traballo de biblioteca | Tantos puntos como alumnado teña o grupo |
| 5. O final de cada avaliación os alumnos que aproban todo | Tantos puntos como número de aprobados |
| 6. Decoración da aula | 1º premio: 24 puntos 2º premio: 12 puntos 3º premio: 6 puntos |
| | |
| APLICACIÓN PEQUENO GRUPO | PUNTUACIÓN |
| 1. Iniciativas que melloren a convivencia do centro(2-10 persoas) | 15 puntos |
| 2. Iniciativas solidarias | 15 puntos |

| PARTE | | CONVIVENCIA | |
|---|--|------------------------------|-----------------|
| Datos do alumno/a | | Datos do profesor/a : | |
| <i>Nome:</i> | <i>Curso:</i> | <i>Nome:</i> | <i>Materia:</i> |
| <i>Data:</i> ___ / ___ / 20___ <i>Hora:</i> | | <i>Sinatura:</i> | |
| MOTIVO DA RECOMPENSA: | | | |
| <input type="checkbox"/> | Parte por epígrafes contidos no Decálogo (Nº do epígrafe:) | | |
| <input type="checkbox"/> | Parte por outros aspectos salientables: | | |
| Observacións: | | | |
| TRAMITACIÓN | | | |
| ❶ ADMINISTRACIÓN: | | | |
| <input type="checkbox"/> | Comunicado aos pais/nais vía teléfono (SMS). | | |
| <input type="checkbox"/> | Contabilizado na folla de resume. | | |
| ❷ XEFATURA DE ESTUDOS: | | | |
| <input type="checkbox"/> | Comunicado ao titor/a | | |
| ❸ TITOR/A: | | | |
| <input type="checkbox"/> | Informado | | |
| Observacións: | | | |

4.1.02.- Plan de mediación escolar



Características e obxectivos do plan de mediación

A mediación é unha estratexia de resolución pacífica de conflitos , na que se ofrece a persoas en conflito sentarse xuntas cunha terceira parte neutral, algún membro do Equipo de Mediación, falar do seu problema e intentar chegar a un acordo dunha forma positiva e colaborativa.

Ten as seguintes características:

- É unha estratexia pacífica.
- É voluntaria, as persoas chegan a ela porque así o decidiron.
- É un proceso sistemático, hai unha serie de fases que se teñen que desenvolver.
- Nela favorécese a comunicación e a colaboración entre as persoas.
- A través dela os/as mediadores/as facilitan o encontro.
- É un proceso educativo e transformador das persoas.
- É unha estratexia de formación de toda comunidade escolar (profesorado, alumnado, pais, nais e persoal non docente).
- Son as persoas en conflito quen achegan as solucións, aprendendo a xestionar os seus conflitos.
- É un proceso confidencial.

Os obxectivos que se pretenden acadar coa posta en marcha deste programa de mediación son:

- Favorecer a convivencia no centro, promovendo a solución pacífica e dialogada dos conflitos.
- Crea paulatinamente unha rede capaz de protexer e de impulsar os espazos de paz dentro e fóra do centro, fóra e dentro das persoas.
- Favorecer a preocupación polos demais.
- Favorecer unha maior responsabilidade do alumnado, implicándoos no funcionamento do centro.
- Aumentar a capacidade de toma de decisións.
- Mellorar a autoestima e a autodisciplina das persoas.

Funcionamento do Programa de Mediación no centro.



Conflictos a mediar.

Terase en conta as normas de organización e funcionamento como base para determinar en que situacións non se intervirá e en cales se ofertará mediación, como vía de reparación voluntaria dos danos ocasionados, de reconciliación entre as persoas, de aprendizaxe de novos comportamentos e de acción preventiva.

Se unha vez empezada unha mediación detéctase co conflito é grave, os mediadores poden suspendela e comunicar os seus motivos aos coordinadores do equipo de mediación do centro.

Non é aconsellable mediar cando:

- alguén asiste coaccionado.
- a situación conflictiva constitúe delito.
- alguén necesita asistencia terapéutica.
- non se colabora.
- as persoas aínda están moi afectadas para falar.
- o problema principal non é mediable.
- o conflito merece unha atención mais xeneralizada.

Procuraremos non mediar en conflitos onde participan persoas moi próximas (compañeiros da clase, alumnos da propia titoría...) deixando que se fagan cargo outros mediadores/as da rede.

Coordinadores do equipo de mediación.

Os coordinadores do equipo de mediación estará formado polo profesorado que forma parte do grupo de convivencia e o alumnado mediador. Terá as seguintes funcións:

- A súa función principal é facer de referente visible do programa de mediación do centro.
- Centralizar as solicitudes de mediación que lle chegan verbalmente ou por escrito, adxudicar día, hora e mediadores para o encontro.
- Apoiar ós mediadores en todo momento.
- Recompilar as memorias de mediación.
- Convocar reunións do equipo de mediación (polo menos unha trimestral), na que ademais de intercambiar experiencias, revisaranse as mediacións feitas, facer prácticas sobre a base de novas dramatizacións, reflexionar a partir de artigos e lecturas pertinentes, decoración dos diferentes espazos do centro, facer visitas ou intercambios con centros nos que tamén teñen un programa de mediación.
- Distribuír artigos, revistas.....en colaboración coa Biblioteca.
- Actualización da páxina web do centro no referente a mediación.
- Renovación da información no taboleiro de mediación.

Condicións da sala de mediación.

A sala de mediación será a aula de convivencia do centro. Para tal fin, acondicionouse dito espazo para crear un espazo tranquilo e acolledor, cunha mesa, catro cadeiras, algúns pósters, follas para tomar notas, follas de memoria de mediación e un archivador para gardalas. Será exclusiva para as sesións de mediación.

Valoración dos resultados da acción da Mediación no centro.

Avaliar o programa permitiranos tomar mellores decisións nun futuro. Recolleranse datos sobre a cantidade de conflitos mediados, a súa tipoloxía e os pactos alcanzados.

Convocaranse sesións de supervisión do funcionamento dos mediadores axustando todo o que sexa necesario, ademais de deixar constancia da valoración persoal dos/as mediadores/as.

Tamén se entregará un cuestionario sinxelo a diferentes persoas da comunidade educativa escollidas ó azar, procurando que estean representados os diferentes sectores.

Dende a coordinación do equipo de mediadores recolleranse os datos necesarios para a elaboración dunha memoria final deste período de experimentación da mediación. Redactarase un breve informe dirixido á dirección do centro que resuma o traballo realizado e presente as perspectivas de futuro. Tamén se pode prever o recoñecemento co centro pode ofrecer ás persoas que actuaron como mediadores/as.

Renovación da rede de mediadores.

Segundo vaia variando o equipo inicial de mediación, estableceranse canles de renovación e formación de novos mediadores/as.

Para tal fin, cada curso escolar os titores/as, en colaboración co equipo de mediación, farán, na hora de titoría, unha serie de actividades co obxectivo de realizar unha selección inicial de alumnos/as que poderán ser mediadores.

O grupo de alumnos e alumnas finalmente seleccionados para ser mediadores e que amosen interese en selo, serán nomeados, nese curso escolar, **alumnos e alumnas axudantes**.

A selección inicial do alumnado axudante farase a partir dun grupo de alumnos e alumnas elixidos mediante votación polos seus propios compañeiros/as, previa explicación, por parte do titor/a, das características que debe ter un alumno/a axudante, así como as súas funcións. O equipo de mediación seleccionará finalmente da listaxe inicial aos alumnos/as axudantes. Estes recibirán unha acreditación do nomeamento como alumno/a axudante.

O alumnado axudante será o encargado de acoller e acompañar ao alumnado de 6º de primaria que visite o centro, animan aos compañeiros/as a acudir o servizo de mediación en caso de conflito, están pendentes e apoian aos compañeiros/as que teñen problemas de integración, académicos.

Cada curso escolar impartirase un taller de mediación ao alumnado axudante do curso anterior que queira formarse como mediador. Esta formación correrá a cargo dos mediadores xa existentes no centro e do profesorado do equipo de mediación, podendo recorrer a expertos externos para profundar en determinados aspectos da mediación. Ao final de curso, dentro dos actos de despedida do curso, entregaráselles un diploma ao alumnado que participou no curso de formación de mediadores.

Fases da mediación



Antes de comezar coa mediación débese recordar:

- **Percepcións:** nun conflito, as dúas partes ven o que lles sucede dende o seu punto de vista.
- **Neutralidade:** as dúas partes poden ter razón; como mediador tes que ser neutral.
- **Empatía:** a túa misión como mediador é que unha parte vexa o punto de vista do outro

Que facer antes de comezar coa mediación:

1_ Indagar quen solicitou a mediación.

Poden pedir a mediación as persoas que teñen o conflito, unha persoa con autoridade, compañeiros que coñecen a situación, os propios mediadores...

2_ Falar POR SEPARADO cos protagonistas do conflito

O mediador explícalle a cada parte POR SEPARADO “as regras do xogo” (en que consiste a mediación)

Cada parte POR SEPARADO cóntalle ao mediador a súa versión dos feitos..

A mediación é unha maneira de resolver os problemas falando e pactando. Os mediadores son compañeiros/as formados para escoitar os problemas e axudar a buscar solucións en beneficio de todos. NON XULGAN, NIN CRITICAN, NIN CASTIGAN, NIN ACONSELLAN.

3_ Invitar ir á mediación.

Os mediadores comentan as vantaxes que ten a mediación: todo o mundo sae gañando, É CONFIDENCIAL, evita problemas maiores, cada un pode defender os seus puntos de vista, non se perde nada por probar, evítase o uso da violencia, axuda a sentirnos mellor, a cambiar o que non funciona...

4_ Valorar se o conflito é ou non mediable.

Tendo en conta as primeiras historias que nos explican os protagonistas do conflito decidimos se é recomendable a mediación.

Inicio da mediación

1_ Os mediadores prepáranse.

Repasan o manual sobre mediación. Reúnense os mediadores/as uns minutos antes e acordan as respectivas intervencións . Concéntranse na mediación.

2_ Preparar a sala de mediación

Revisar que todo estea a punto: as cadeiras ben colocadas, o papel para tomar notas e o documento de rexistro do encontro.

3_ Recibir ás persoas en conflito.

Realizamos preguntas do tipo: *¡Ola! ¿Qué tal?. Benvidos a mediación.*

4_ Crear un clima de confianza:

Presentámonos e lembramos o procedemento de mediación: *“Todo que se di é confidencial. Non impoñemos sancións , consellos, críticas. Facemos co problema sexa mais comprensible, e que atopedes solucións que beneficien as partes en conflito. “Hai unas normas: Falar e escoitar por quendas, falar sinceramente e sen ofender, cooperar para saír do conflito. ¿Aceptades estas normas?*

Entramos en materia

5_ Compartir puntos de vista.

Os mediadores/as preguntan que pasou e como lles afecta: “ *Podes explicarnos que pasou e como te sentes?*”

Parafrasean: *Se o entendo ben, dis que..... é así?*

Aclaran as cousas con preguntas abertas: *Podes ampliar esta información?*

Se é preciso, lembramos que hai que respectar as normas

Manteñen a quenda de palabra: “*Debemos manter o quenda de palabra*”. “*Logo darás a túa opinión, sen necesidade de faltar ao respecto*”. “*Podes cumprilo?*”

6_ Identificar intereses.

Os mediadores/as formulan preguntas abertas para que afloren os verdadeiros intereses de cada persoa, para ampliar os puntos de vista e que se comprenda mellor a situación: “*Que pasaría se.....como sería todo se..... para comprender mellor a situación.....; Como te sentirías se foses.....?; Que necesitarías para cambia-la situación..?*”

Resumen os temas mais importantes: “*Temos os seguintes temas sobre os que hai que traballar*”

Avanzar cara á transformación do conflito

7_ Crear opcións.

Os mediadores/as deber facer fincapé en visualizar o futuro en común:

Como vos gustaría que fose o voso futuro en común? Tendo en conta que ides ao mesmo instituto e que tedes compañeiros en común ...

Explican o funcionamento da chuvia de ideas:

Pensar ideas que poden resolver o conflito canto máis orixinais mellor, aínda non se descarta ningunha; non se ofenderá, nin criticará, só son propostas

Elimínanse as que non son aceptables. Redúcese seleccionando as máis convenientes... combinar as ideas das dúas persoas se é posible.

Facer pactos

8_Chegar a un acordo e o deixamos por escrito no rexistro dos acordos

Detallar en que condicións se vai a levar a cabo o acordo , cando, como, que fará cada quen, durante canto tempo etc

Preguntar se o consideran xusto (un bo acordo ha de resultar equitativo e non abusivo por ningunha das partes): *¿poderedes cumprilo, pensades que é unha proposta xusta?...*

Pedir que cada un/a nos resuma o plan para verificar que se comprende, e promover que se responsabilicen de poñelo en práctica, de cumprilo.

9_Acordar data de revisión

10 Propoñer que se dean a mans

Felicitar a cada un polo traballo feito e preguntar se queren darse a man.

Pechar a mediación

11_Revisión do grao de cumprimento dos acordos: Como está cada persoa e se se produciron cambios

Valorar en que punto está o conflito

Dar a oportunidade de introducir melloras

Se algún dos puntos do acordo, non foi de todo satisfactorio, trabállase na busca de alternativas mais axustadas ós intereses en xogo.

Preguntar que aprenderon deste conflito

Asinar documento de rexistro da mediación

4.1.03.- Prácticas restaurativas.-

No centro estamos implantando unha nova metodoloxía, as prácticas restaurativas, baseada na creación, mantemento e fortalecemento dos vínculos entre os distintos sectores da comunidade educativa para conseguir un clima favorable de convivencia, aumentando o sentimento de pertenza a comunidade. Deste xeito estamos a facer unha labor de prevención de conflitos.

Actualmente estamos na fase de formación do profesorado. Participan 1/3 do claustro do profesorado nesta formación, pero intentamos implicar o resto do claustro na adopción destas prácticas como forma de xestión e prevención de conflitos. Aínda que estamos na etapa de formación, xa realizamos varias intervencións de carácter preventivo nalgunha aula, facendo que o alumnado se coñeza mellor, poda expresar os seus sentimentos ou estado de ánimo. Mesmo, tamén se fixo algunha intervención para a resolución de conflitos. Todas estas intervencións iniciais tiveron un resultado moi positivo.

As prácticas restaurativas son unha forma de xestionar os conflitos como algo diferente a unha mera transgresión dunha norma. Nos conflitos prodúcense danos a persoas, aos seus bens, á relación entre persoas, á comunidade educativa. As técnicas restaurativas tratan de reparar eses danos, reunindo voluntariamente ás partes, dialogando para chegar a unha solución que repare danos materiais e morais, facilitando que o autor/a asuma responsabilidades dos seus actos e, se cabe, restablecer a relación. Todo isto coa participación da comunidade educativa (pais, nais, alumnado, profesorado, persoal non docente).

As prácticas restaurativas son unha alternativa a disciplina punitiva, na que ante unha conduta inaceptable se impón unha sanción ou castigo. Este tipo de disciplina non logra reducir as condutas negativas senón que ás veces as agrava. Coas prácticas restaurativas, os estudantes enfróntanse as súas condutas negativas e asumen a responsabilidade da mesma nun proceso no que senten apoio no lugar de agravio.

Isto non é permisividade, pois non se toleran as malas condutas. Pero, ao utilizar prácticas restaurativas se chega a solucións de xeito colaborativo, xerando credibilidade para as persoas involucradas e para as persoas afectadas por dita conduta.

Nun conflito, as prácticas restaurativas buscan:

- mellorar a comprensión entre as partes en conflito, reparar e restablecer a relación
- as vítimas e os compañeiros/as e teñen un papel central na resolución do conflito.

- centrámonos en mellorar a situación, no que queremos que pase no futuro, non no castigo.

4.1.3.1 Procesos restaurativas.-

4.2.1.1 Reunión restaurativa.-

- O proceso restaurativo máis formal, require máis planificación e emprégase para os incidentes máis serios.
- Está dirixido por un facilitador (profesor/a) capacitado.
- Reúne ás persoas involucrada para explorar o que sucedeu, quen resultou afectado e que se ten que facer para arranxar as cousas.
- Os participantes sentan nun círculo, só fala unha persoa de cada vez, a que ten un obxecto nas súas mans.
- O facilitador utiliza un guión que contén as preguntas que teñen que facer pensar aos participantes sobre o incidentes, a quen afectou e de que xeito e como se pode reparar a situación.
- A admisión da autoría ou responsabilidade no incidente é un requisito para a realización desta reunión.
- Realízanse as seguintes preguntas aos agresores:
 - *“Que pasou?”*
 - *“Que estabas pensando nese momento?”*
 - *En que pensaches dende o incidente?*
 - *“Quen cres que se viu afectado polas túas accións?”*
 - *“ Como se viron afectados?”*
- Ás vítimas se lles fan as seguintes preguntas restaurativas:
 - *“Cal foi a túa reacción no momento do incidente?”*
 - *“Como te sentiches con respecto ao que pasou?”*
 - *“Que foi o máis difícil para ti?”*
 - *“ Como reaccionaron a túa familia e amigos cando souberon do incidente?”*
- Finalmente, se lle pregunta á vítima cal lle gustaría a que fora o resultado da reunión. A resposta se comenta. Cando se chega a un acordo, se redacta un contrato simple e se asina.
- Estas reunións poden usarse en problemas de absentismos escolar, problemas disciplinarios ou como estratexia de prevención presentada como xogo de roles.

4.2.1.2 Círculos restaurativos.-

Un círculo é unha práctica restaurativa versátil, pois pode usarse de maneira preventiva, para desenvolver relacións e xerar comunidade ou para responder ás condutas indebidas, aos conflitos e problemas.

Ten unha ampla variedade de propósitos: resolución de conflitos, apoio, toma de decisións, intercambio de información e desenvolvemento de relacións.

- Proporcionan oportunidades para que os estudantes compartan os seus sentimentos, ideas e experiencias para xerar confianza e entendemento mutuo.
- Todos/as teñen oportunidade de falar e fala unha persoa por vez.
- Poden utilizarse para obter todo tipo de información (académica, persoal, fixar obxectivos académicos, realizar proxectos e actividades)
- O alumnado implícase moito no proceso de aprendizaxe.
- Estimulan a participación e falan todos os estudantes, mesmo os máis tímidos, ao crear comunidade.
- Os círculos tamén serven para a xestión de conflitos, reparación do dano e restaurar as relacións despois de algún incidente moderadamente serio.
- Utiliza a presión dos compañeiros/as para xerar un cambio positiva na conduta.
- Son menos formais que as reunións restaurativas, non usan guiión completo e requiren menos preparación.

4.2.1.3 Practicas restaurativas non formais: declaracións afectivas, preguntas afectivas e pequena reunión espontánea.-

Son prácticas restaurativas informais que axudan aos estudantes a entender o efecto da súa conduta sobre os demais, consistente nunha expresión persoal do que se sente en resposta as condutas positivas ou negativas dos outros.

Estas declaracións humanizan as persoas que as fai e cambian sorprendentemente e inmediatamente a dinámica das persoas involucradas, mellorando as relacións na comunidade escolar.

As preguntas afectivas fan que a xente reflexione sobre como a súa conduta afecta a outros.

O emitir declaracións emocionais obriga ao estudante a darse conta das consecuencias das súas accións. As declaracións afectivas tamen serven para motivar ao alumnado a realizar as súas tarefas ou un determinado traballo, en lugar de insistir ou

ameazar con partes de amoestación ou outras consecuencias negativas.

Ademais a utilización de declaracións afectivas polo profesorado é contaxioso, e o alumnado comeza a utilizalas nas súas relacións cos compañeiros e compañeiras, en lugar de berrar, empurrar ou agredirse verbal ou fisicamente.

As prácticas restaurativas non son soamente para os estudantes, senón para toda a comunidade educativa.

4.1.04.- Programa básico para a adquisición de habilidades e competencias sociais.-

1. Marco teórico

Seguindo as directrices dadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, na circular 8/2009, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumno de ESO, faise necesario deseñar un programa básico de habilidades sociais, que formará parte do PAT de secundaria.

Ademais, a Lei 4/2011, no seu artigo 19, destaca, entre os programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, a elaboración e desenvolvemento, por parte do departamento de orientación de cada centro docente, dun programa de habilidades sociais dirixido fundamentalmente ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e que ten como finalidade mellorar a súa integración no centro docente. O artigo 24 do Decreto 8/2015 tamén establece este tipo de programas para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, ou para a súa atención dentro da aula de convivencia inclusiva.

2. Destinatarios

O programa vai dirixido a todo o alumnado do centro, dende dúas vertentes:

- O Plan de Acción Titorial, como programa de actividades deseñado para levar a cabo nas horas presenciais de titoría na ESO, e na FP Básica e/ou de xeito interdisciplinar no Bacharelato.
- O Plan de Convivencia, nos casos mencionados anteriormente, é dicir, no caso de alumnado obxecto de medidas correctoras.

3. Obxectivos

O Programa básico de habilidades sociais terá un obxectivo **xeral**:

- Lograr que todo o alumnado utilice e incorpore estratexias para comunicarse e afrontar axeitadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social.
- Trátase de axudar a desenvolver sobre todo a competencia comunicativa, competencia social e cidadá e a autonomía e iniciativa persoal.

Os obxectivos **específicos** serán:

- 1º Que o alumnado logre un desenvolvemento cognitivo que lle permita a busca de solucións as situación da vida cotiá.
- 2º Que o alumnado logre o autocoñecemento: intereses, características persoais, motivacións, habilidades, aptitudes, actitudes,...
- 3º Que o alumnado mellore a súa autoestima. Unha autoestima positiva é unha peza clave para a resolución eficaz de problemas e conflitos interpersoais.

4. Contidos

Para desenvolver os obxectivos propostos, será necesario contemplar no programa actuacións encamiñadas a:

4.1. Desenvolvemento cognitivo

- Habilidades básicas de interacción social:
 - Asumir responsabilidades
 - Traballo en equipo: cooperar e ser solidario
 - Asumir e respectar as normas establecidas
 - Formulas de cortesía e normas básicas
- Habilidade para establecer relacións de amizade
 1. Identificar sentimentos
 2. Comunicar sentimentos
 3. A conduta asertiva
 4. Cooperar e compartir
- Habilidades conversacionais
 - Comunicar sentimentos, desexos e peticións
 - Manexar as estratexias comunicativas
 - Elementos verbais e non verbais da comunicación
 - respecto

- Habilidades relacionadas cos sentimentos, emocións e opinións
 - Identificación de sentimentos de un mesmo e dos demais
 - Identificación das emocións
 - Expresión de sentimentos, emocións e opinións
 - Defender as nosas opinións e dereitos

- Habilidades de solucións de problemas interpersoais
 - Desenvolver habilidades de autocontrol
 - Manexar pensamentos negativos que deterioran a autoestima e a competencia social
 - Identificar un problema
 - Buscar solucións pacífica de conflitos
 - Anticipar consecuencias
 - Tomar decisións

- Habilidades para relacionarse cos adultos
 - Normas básicas de cortesía
 - Importancia do establecemento de normas
 - Como realizar peticións
 - Os dereitos e os deberes

4.2. Lograr o autoconocemento

A identidade persoal

Identificar sentimentos

Cóñecer as habilidades, actitudes, intereses, motivacións e aptitudes

As nosas vivencias e circunstancias persoais

4.3. Mellorar a autoestima

O autoconceito: importancia na adolescencia

Identidade e autenticidade

Importancia dunha autoestima positiva na autorealización e relacións cos demais

Como fomentar a autoestima: pertenza, competencia e valía persoal

5. Metodoloxía. Estratexias de intervención.-

O programa desenvolverase a través de dinámicas de grupo, adaptadas ás habilidades e características do alumnado, e a través de actividades reflexivas no caso do tratamento individual. O programa pretende que o alumnado sexa e se sinta protagonista do seu propio proceso de desenvolvemento, potenciando ao máximo a súa participación, e valorando os seus progresos.

6. Temporalización.-

O programa proposto desenvolverase de xeito grupal ao longo de todo o curso académico, a través do PAT, con maior incidencia en momentos clave, como o inicio de curso, co establecemento de normas, a cohesión de grupos, a acollida a novo alumnado, etc.

De xeito individual atenderá aos momentos nos que sexa preciso establecer medidas correctoras para o alumnado.

7. Recursos.-

-Materiais:

O Departamento de Orientación facilitará o asesoramento, soporte técnico e material necesario para a actuación dos titores-as, o desenvolvemento da acción tutorial e a posta en marcha das actividades nas sesións de tutoría e os diferentes programas deseñados.

Algúns dos materiais dispoñibles no departamento son:

- Antonio Vallés Arándiga e Consol Vallés Tortosa: Programa para el desarrollo de la inteligencia emocional V. (3º, 4º ESO y Bachillerato). Método EOS.
- Antonio Vallés Arándiga: Programa de refuerzo de las habilidades sociales II. Método EOS.
- Antonio Vallés Arándiga e Consol Vallés Tortosa: Programa de solución de conflictos interpersonales III. Método EOS.

-Humanos: estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar ao resto do profesorado e as familias.

Así, como recursos humanos podemos sinalar:

- Titores-as
- Orientadora
- Profesorado
- Xefe de estudos

- Outros (Educatora familiar e Psicóloga do Concello, persoal de Arela, etc.)

- Organizativos: como recursos organizativos contamos coas reunións de titores/as, as reunións da Comisión de Convivencia e as propias do Departamento de Orientación.

8. Avaliación.-

O proceso de avaliación terá lugar ao longo de todo o curso académico: realizamos unha avaliación inicial da situación actual que nos leva a poñer en marcha un programa destas características, na que tivemos en conta a análise dos diversos documentos de centro, como a memoria do Departamento de Orientación do ano académico anterior, as enquisas sobre convivencia, o número de partes, etc. Realizaremos unha avaliación procesual e formativa, durante a posta en marcha das actividades, a través das reunións de titores-as e da comisión de convivencia, que permitirá a introdución das modificacións precisas. E realizaremos tamén unha avaliación ao fin do ano académico.

A avaliación será cooperativa e deberá considerar as perspectivas dos grupos implicados:

a) Os titores-as:

Ver como valoran eles o P.A.T., as dificultades atopadas, a súa utilidade, aportacións e modificacións de cara a próximas actuacións. Hai que ter en conta que se trata dun documento flexible que debe ser froito do consenso e que debe estar aberto a continuas modificacións. É recomendable que cada titor-a faga unha valoración das actividades levadas a cabo na titoría.

b) O Departamento de orientación:

Valoración do nivel de consecución dos obxectivos propostos, nivel de participación, dificultades atopadas, etc.

c) Os propios alumnos-as:

Terase en conta a súa opinión sobre a utilidade do P.A.T., mediante avaliación das

actividades de tutoría e ó final de curso, así como a súa resposta a dito plan. Recollerase tamén a avaliación final que faga cada alumno/a obxecto de medidas correctoras.

4.1.05 .- Charlas formativas.-

Coas charlas informativas que levamos a cabo no noso centro pretendemos :

1. Educar na práctica da coeducación e evitar discriminacións e desigualdades sexistas.
2. Favorecer o respecto e a tolerancia ante a diversidade de culturas, crenzas e razas.
3. Desenvolver e potenciar os valores de solidariedade e colaboración sociais.
4. Incidir nos temas transversais: educación para a saúde, consumidor, ambiental, vial e igualdade de oportunidades.
5. Contribuír na formación dos alumnos e alumnas como persoas libres, responsables, creativas e críticas.
6. Completar os contidos dos coñecementos teóricos e prácticos que se imparten na aula nas diferentes Unidades Didácticas e Áreas.

Todos estes obxectivos que nos propoñemos axudan a mellorar a convivencia no noso centro. Para lograr tales obxectivos organizamos as seguintes charlas:

- Charla sobre bullying, novas tecnoloxías-uso seguro na rede(impartidas pola cruz vermella)
 - Charla informativa sobre adiccións: saúde e aspectos legais.
 - Prevenção de VIH/SIDA e enfermidades de transmisión sexual.
 - Coeducación e prevención de condutas sexuais de risco.
 - Charla informativa sobre inserción laboral.
 - Charla PROGRAMA KTORCE-18 sobre “problemática na adolescencia”
 - Charlas informativas por parte de “QUEROTE +”
 - Clases sen fume.
 - Charlas do PLAN DIRECTOR: “Novas tecnoloxía, violencia de xénero, drogas e alcol”
 - Xornadas de orientación sobre ensinanza postobligatoria.
- Para completar os coñecementos teóricos que se levan a cabo na aula :
- EDUMOTIVA "Quero ser médico que debo saber", con Carmen Vidal.
 - Charla do matemático Carlos Ferreiro.
 - Charla co alumnado sobre a actividade literario do escritor Fernando Lalana.
 - Charla da ilustradora Lidia Nokonoko

4.1.06.- Concursos.-

“ Xogando coas ciencias ”

Concurso matemático que se realiza ao longo do segundo e terceiro trimestre que pretende despertar e fomentar o interese polas matemáticas.

A) Poderán participar todo o alumnado do IES do Barral. Cada semana proporase algún concurso deste tipo:

1. Resolver os retos que se propoñen: Os luns propoñeranse retos que os alumnos deben resolver. Haberá dúas categorías: un reto para o primeiro ciclo da ESO (1º, 2º e 3º) e a FPB (categoría junior), e outro reto para o 4º da ESO e 1º de Bacharelato (categoría senior). A puntuación por semana que se lle asignará será a seguinte:

10 puntos. O 1º día coa resolución ben explicada

8 puntos. O 2º día coa resolución ben explicada

6 puntos. O 3º día coa resolución ben explicada

4 puntos. O 4º día coa resolución ben explicada

2 puntos. O 5º día coa resolución ben explicada

5 puntos. O 1º día cando a resolución non se considere ben explicada

4 puntos. O 2º día cando a resolución non se considere ben explicada

3 puntos. O 3º día cando a resolución non se considere ben explicada

2 puntos. O 4º día cando a resolución non se considere ben explicada

1 puntos. O 5º día cando a resolución non se considere ben explicada

2. Adiviña o científico que se esconde tras as pistas: Facilitaranse 5 pistas para descubrir a un científico coñecido. A puntuación por semana que se lle asignará será a seguinte:

10 puntos o 1º día

8 puntos o 2º día

6 puntos o 3º día

4 puntos o 4º día

2 puntos o 5º día

3. Adiviña o descubrimento científico que se esconde tras as pistas: Facilitaranse 5 pistas para adiviñar un descubrimento científico importante. A puntuación por semana que se lle asignará será a seguinte:

10 puntos o 1º día

8 puntos o 2º día

6 puntos o 3º día

4 puntos o 4º día

2 puntos o 5º día

B) Cada alumno entregará a súa solución no caixa do correo habilitado na conserxería. En dita solución deberá figurar: nome completo, curso e data de entrega.

C) Será motivo de anulación da solución:

- Que o papel non sexa lexible
- Que o resultado non estea claro ou sexa ambiguo
- Que a data que figura na solución non se corresponda coa data real de entrega
- Que haxa dúas papeletas do mesmo alumno na mesma semana
- Que a resposta fora copiada a outro concursante sen permiso ou coñecemento deste
- Que no papel depositado no caixa do correo falte o nome do concursante ou o curso

D) En caso de que na papeleta depositada non figurara data e tivera resposta correcta, outorgaríase a puntuación mínima

E) En caso de empate a puntos entre máis dun concursante, ordenaranse os empatados polo número de decas acadados. Se segue a haber empate, polo número de noves, e así sucesivamente. Se ao final se mantivera o empate, a orde decidiríase por sorteo.

F) Premios: Outorgarase un primeiro, un segundo e un terceiro premio por categoría. Ademais, os dez primeiros clasificados de cada categoría obterán un recordo do seu paso polo concurso.

“Concurso de relatos I.E.S do Barral”

Concurso realizado durante o segundo trimestre no noso centro, este concurso pretende servir para dar expresión á multiplicidade de experiencias acumuladas polo alumnado en relación á convivencia e a diversidade presentes nas nosas vidas. A linguaxe literaria, tal vez sexa, unha das mellores vías para expresar tales experiencias .

1. **Participantes:** poderá participar todo o alumnado matriculado no centro.

2. **Categorías:**

A) 1º , 2º y 3º de ESO

B) 4º de ESO, FPB I – II e 1º Bacharelato

3. **Presentación:**

Serán relatos orixinais e inéditos, de tema libre, con unha extensión mínima dunha páxina e máxima de cinco, en folios Din A4 escritos con letra Arial (tamaño 12) con interlineado a dobre espazo.

Os traballos serán entregados nun sobre grande pechado, onde figurará o pseudónimo elixido e o curso. No interior do sobre incluírase outro mais pequeno, tamén pechado, co nome, apelidos e curso do participante.

Haberá sobres a disposición do alumnado para tal fin en conserxería. No se admitirán traballos que non se axusten ao formato .

4. **Premios:**

Diplomas acreditativos, libros e material escolar (material de escritura, almacenamento de datos...).

5. **Entrega de premios:**

A entrega de diplomas e premios aos gañadores correu a cargo do escritor Fernando Lalana, aproveitando a presenza no noso centro.

“Unha clase con *clase*”

Concurso mensual por grupos no que se valora non só o coidado, limpeza, decoración e orde da aula, senón que tamén se ten en conta a participación do grupo nas distintas actividades do centro, a solidariedade, respecto, puntualidade, comportamento na aula e espírito de grupo.

Todos estes aspectos son valorados por distintos membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado, persoal non docente). Hai premios para o grupo ganador de cada mes e tamén premios trimestrais.

- O Persoal de limpeza do centro puntúan a limpeza e a orde xeral da aula.
- O xefe de estudos puntúa os “partes de incidencia” e a “puntualidade”. En casos moi específicos de alumnado con mal comportamento reiterado ou con faltas de puntualidade reiteradas non se teñen en conta eses puntos no cómputo de grupo, pero eses alumnos/as non participarán nos premios de grupo.
- Os delegados/as ou subdelegados/as puntúan ao longo do mes e en eventos puntuais (magosto, nadal, entroido, día das letras galegas, Nadal ...) a “decoración” das aulas.
- A Comisión de convivencia, por indicación dos titores/as e profesores/as, valora ata un máximo de 50 puntos, todas as iniciativas dos distintos grupos que supoñan unha mellora na convivencia do centro, así como a colaboración nas actividades do centro .

Cada grupo comezará o mes con 200 puntos. A esta cantidade de puntos se lle irán sumando ou restando puntos polos anteriores conceptos do seguinte xeito:

1. Puntualidade

- cada alumno/a que chegue tarde durante a semana restará un punto;

2. Partes de incidencia

- parte verde = -1 ptos;
- parte amarelo = - 5 ptos;
- parte vermello = - 10 ptos.
- parte azul = puntuación variable en función dos criterios que aparecen reflectidos na sección parte de convivencia azul.

3. Coidado e limpeza do centro a través de revisións diarias

- Na **AULA**:
 - ✓ cadeiras sen levantar = de -1 y -5 ptos;
 - ✓ Papeis no chan = de -5 a -10 ptos;

✓ estado de limpeza xera da aula = de -1 a -10 ptos.

○ **No CENTRO:**

✓ estado xeral de limpeza en corredores, vestíbulo e patio: de -1 a -10 ptos, que se restarán aos grupos responsables.

4. Decoración

- Os delegados/as percorren as aulas para valorar de 1 a 10 puntos cada aula, non podendo votar a súa propia aula. Súmanse os votos de cada membro da comisión e engádense a puntuación xeral do mes.

5. Participación en actividades do centro.

- Puntuación variable dependendo do grado de participación, ata un máximo de 50 puntos.

6. Redución de partes de amoestación.

- Por non ter no mes partes de amoestación ou por unha redución significativa dos mesmos con respecto ao anterior mes, asignaranse tantos puntos como alumnos/as formen o grupo-clase.

7. Resultados académicos no trimestre.

- Para decidir o grupo-clase ganador trimestral tense en conta os resultados académicos do trimestre, asignando un punto por cada alumna ou alumno que aprobe todas as materias nese trimestre.

Os puntos negativos por puntualidade e partes multiplícanse por un factor que depende do número de alumnos/as por aula, para que todos os grupos participen no concurso en igualdade de condicións.

A puntuación acumúlase ao longo do trimestre, sumando cada mes novamente 200 puntos.

Colocase un cartel coas puntuacións acadadas ao longo do mes e o ranking trimestral nos distintos taboleiros do centro e na páxina web do centro, que se van actualizando.

Os premios son:

- Grupo ganador mensual: un almuerzo ou merenda na cafetería do centro na hora de titoría;
- Grupo ganador trimestral: unha actividade complementaria ou extraescolar a concretar polo titor/a e o alumnado do grupo ganador.

4.1.07.- Celebracións.-

Coas distintas celebracións que se levan a cabo no noso centro pretendemos:

- Facilitar a comunicación e unificar intereses entre todos os compoñentes da comunidade educativa para realizar actividades en común.
- Crear hábitos de participación.
- Desenvolver as capacidades humanas referentes ao equilibrio persoal, ás relacións cos demais e á inserción social.

A consecución de todos estes obxectivos mellora a convivencia no centro.

Halloween

Coa celebración de Halloween perseguimos acadar os seguintes obxectivos:

- Coñecer e apreciar Halloween como festa típica de outros países e culturas, mostrando actitudes de interese e respecto.
- Desenvolver a imaxinación.
- Promover actitudes e hábitos de colaboración e axuda entre compañeiros/as.
- Aprender pautas elementais de convivencia e relación social.

Para poder acadar estes obxectivos marcados realizamos: Concurso de decoración das aulas acompañadas de disfraces dos/as alumnos/as con motivo de celebración de Halloween, tamén se realiza a decoración das instalacións do centro.

Magosto

Coa celebración do magosto perseguimos acadar os seguintes obxectivos:

- Achegar ao alumnado as festas e tradicións máis populares da cultura galega; concretamente ao magosto.
- Identificar os produtos típicos de outono.
- Valorar a importancia dos xogos colectivos e cooperativos na celebración do magosto.

Para lograr estes obxectivos dende o grupo de convivencia realizamos : Concurso de pratos de outono , Xogo de probas, concerto de “pandereteiras” e degustación de castañas asadas.

Entroido

En Galicia conviven en perfecta sintonía tradicións profundamente arraigadas. O coñecemento destas axúdanos a entender o entorno no que vivimos e a saber un pouco máis de nós mesmos.

Entre as festas populares de gran tradición en Galicia atópase o Entroido.

Coa celebración do Entroido pretendemos:

- Coñecer e participar na festa do Entroido entendendo o seu significado.
- Valorar o Entroido como parte do desenvolvemento cultural de Galicia.
- Utilizar diferentes tipos de materiais para realizar un disfrace non elitista.
- Sensibilizar ao alumnado da importancia de manter vivas tradicións culturais.
- Manifestar actitude de respecto nas actividades festivas.
- Desenvolver habilidades de traballo en grupo.

Para lograr estes obxectivos que nos propoñemos organizamos un desfile cos distintos grupos de alumnos onde a temática foi “personaxes literarios”, realizamos xogos de probas que xiran en torno a dita temática.

Festivais fin de trimestre

Organizamos ao final de cada trimestre un festival que inclúe realizacións de diversas actuacións como: actuacións musicais dos alumnos do noso centro, bailes, actuacións con malabares , ximnasia rítmica, acrosport, monociclos,e finalmente entrega de diplomas logrados durante o trimestre.

Os obxectivos que perseguimos coa realización de ditos festivais son:

- Posibilitar encontros entre os distintos compoñentes da comunidade educativa, profesorado, pais, nais e alumnado.
- Favorecer a participación e a relación entre os membros que compoñen o centro dentro dun clima festivo

4.1.08.- Animación á lectura.-

Hora de ler

Todas as semanas adicarase unha hora obrigatoria á lectura e actividades de cálculo mental. Realizarase un calendario do curso onde aparecerá reflectida semanalmente esa hora, que será a mesma para todos os grupos do centro. Dita hora irá rotando para evitar que sempre coincida nas mesmas materiais.

Normas da hora de ler

1. É obrigada para alumnado e profesorado.
2. En todas as aulas e outros espazos do Centro figura o calendario de lectura para o curso.
3. Cadaquén traerá a súas propias lecturas.
4. Pódese ler en soporte papel ou libro electrónico.
5. Ante posibles esquecementos, botarase man da **biblioteca de aula** que cada clase irá configurando aos poucos, con libros propios e/ou da biblioteca do centro.
6. O feito de non traer lectura repercutirá negativamente na nota da materia que ocupe a hora de ler, segundo o criterio do/a docente. (Ex.: se lemos na hora de tecnoloxía, baixará a nota en tecnoloxía).
7. Se na hora de lectura se fai unha garda, o profesor/a anotará quen non trouxo lectura para informar á/ao docente que faltou.
8. En todas as gardas priorizarase a lectura.
9. O alumnado pode estudar, facer exercicios...
10. O profesor/a poderá dirixir a lectura (preparar con antelación un texto que considere interesante: facer preguntas previas, pedir opinión...).
11. Ao principio ou ao final da hora de lectura, adicaranse uns minutos a realización de actividades de cálculo mental.
12. NON SE ADMITEN revistas “do corazón e similares, xornais tipo “Marca”, “As” ... e outros.

Club de lectura : pais/nais e alumnado

No noso centro contamos con club de lectura para adultos e un club de lectura para o alumnado .

Realizamos xuntanzas periodicamente co fin de lograr:

- Incrementar o pracer da lectura ó compartilo con outras persoas.
- Establecer diálogos en torno aos libros.
- Incentivar o hábito lector entre as familias como base para fomentalo no alumnado.
- Estreitar relacións entre os distintos membros da comunidade educativa

4.1.09.- Actividades deportivas.-

Normalmente o deporte obriga a traballar en equipo, a colaborar con outros e a aprender que a forza está na unión de moitos.

A través do deporte fomentamos e fortalecemos diversos valores que contribúen á construción dunha boa convivencia.

Actividades deportivas nos recreos

O longo do primeiro trimestre nos recreos realizouse campionato de bríl e 3X3 baloncesto, nos recreos do segundo trimestre campionato de bádminton e de tenis de mesa , e nos recreos do terceiro trimestre campionato de fútbol, voleibol , bádminton e aspectos pedagóxicos (preparar exames, probas de Inef, bailes)

Todas as disciplinas se levaron a cabo na modalidade mixta. Dita forma de facer equipos xa está totalmente asumida polo alumnado e xa non preguntan se hai categoría feminina ou masculina.

Intercentros

Este ano celébramos INTERCENTROS o día 22 de xuño no noso centro coa participación de alumnos e alumnas do IES As Neves e do IES de Salvaterra.

O torneo INTERCENTROS é un encontro solidario, polo que queremos dar o noso apoio a asociación PONTE SOLIDARIO para axudar todos nunha boa causa, por iso este ano , o igual que se viña facendo en anos anteriores , se celebra o día 22 unha recollida de alimentos non perecedoiros.

Actividades realizadas nas instalacións do noso centro

Nas instalacións do noso centro están a levarse a cabo polas tardes actividades deportivas como: Capoeira, Jiu Jitsu, baloncesto. Todas estas actividades crean comunidade e polo tanto repercuten positivamente na convivencia do centro.

Torneo de xadrez

A reflexión como elemento básico na toma de decisións xorde de forma natural na práctica do xadrez. O exercicio da lóxica para interpretar situacións e a dialéctica que se establece co contrario para interpretar situacións e plans de xogo contribúen ao coñecemento de un mesmo. O practicante do xadrez descobre a necesidade da vontade, a perseveranza, a valoración do contrario para progresar no xogo.

Durante os recreos realizamos torneos de Xadrez para o alumnado.

Organizouse un “Campionato de Xadrez” ca participación do IES Val do Tea (campionato intercentros), realizando unha primeira fase de clasificación no IES Val do Tea , unha segunda fase no noso centro e unha terceira e derradeira fase no concello de Pontearreas.

4.1.10.- Contratos programa

Este ano solicitamos catro liñas de actuación dentro dos contratos-programas:

1. Reforzo, orientación e apoio (PROA).

No noso centro contamos con un elevado número de alumnos e alumnas que viven en ámbito rural con escaso ou nulo acceso á fontes de información e axuda para realizar as tarefas escolares. Un número significativo do noso alumnado procede de ambientes desfavorables en risco de abandono temperá dos estudos. Por problemas de conciliación familiar e por forte dispersión xeográfica, unha porcentaxe alta de alumnos e alumnas está desatendido polas tarde e non dispón de compañeiros/as cos que relacionarse. Detectamos problemas de aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas.

Todas estas situacións repercuten na convivencia do centro, cando o alumnado non comprende o que se está traballando na aula, convértese en alumnado desmotivado, que terá malas cualificacións. Perderá interese completo pola materia, non fará as tarefas, non traerá o material a clase e comezará a ter comportamentos disruptivos.

Para paliar , na medida do posible ,estes problemas ensinamos á aplicación de técnicas de traballo, como planificación e técnicas de estudo, que potencien a autonomía do alumnado. Utilizamos as TIC e a biblioteca escolar como fonte de información e ferramenta de traballo. Establécense reunións periódicas co profesorado para adoptar as medidas organizativas e pedagóxicas necesarias.

Estas actuacións lévanse a cabo con un grupo de 15 alumnos de 1º ESO e 2º ESO de 16:00 a 18:00 nas tarde dos martes e xoves.

2. Mellora das competencias clave.

A atención á diversidade é un dos elementos fundamentais para garantir unha boa convivencia. Cando o alumnado non comprende o que se está traballando na aula, convértese en alumnado desmotivado, que terá malas cualificacións. Perderá interese completo pola materia, non fará as tarefas, non traerá o material a clase e comezará a ter comportamento disruptivos.

Para paliar este problema que se dá en todas as materias, pero especialmente en

matemáticas, a constatación de carencias no cálculo mental no alumnado e o manifesto rexeitamento que senten algúns alumnos cara ás matemáticas, o departamento de matemáticas deseña unha serie de actividades motivadoras nas que o alumnado poda aprender en distintos escenarios e de distintas formas, que busque involucrar ao alumnado despertando o seu interese por aprender.

Nestas actividades participa todo o alumnado do centro e consisten en concursos , realización de xincanas matemáticas. Paralelamente organizáronse charlas (Carlos Ferreiro) sobre cuestións matemáticas de interese para o alumnado pola súa aplicación práctica. Participamos en actividades como IMATXINA e na semana das ciencias organizada polo concello de Ponteareas.

3. Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros.

Prácticas restaurativas (ver páxina 42) e mediación (ver páxina 29)

4. Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

Deseño e planificación dun camiño escolar

Programa consistente na realización dun proxecto urbanístico de rexeneración ou creación dun espazo dirixido fundamentalmente ao alumnado. Partindo dos problemas de acceso que presenta o noso centro educativo, eliximos un proxecto que puidera paliar dito problema: a creación dun camiño escolar, seguro, peonil e con carril bici, para poder acceder o centro educativo dende a zona urbana de Ponteareas.

Deseñamos actividades de aprendizaxe que permitan ao alumnado afianzar aptitudes como a creatividade, autonomía, a iniciativa persoal, o sentido crítico e o traballo en equipo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

Finalmente o proxecto presentarase a "Ludantia. II Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para la Infancia y Juventud"

4.1.11.- Erasmus+

Os tres centros de Ponteareas (IES do Barral, IES Val do Tea e IES Pedra da auga) estamos a colaborar con unha escola de Tuam, en Galway (Irlanda) no estudo das linguas minoritarias -Gaélico e Galego- nas súas sociedades correspondentes comparando o estado de ambas. Este estudo durará 3 anos.

Nos tres centros estamos a traballar con alumnado de cuarto da ESO, e así se continuará durante os tres anos que dura o proxecto. Os alumnado traballa cada ano diferentes aspectos relacionadas coa lingua e a sociedade en distintas materias (Bioloxía, Economía, Arte,...), facendo un estudo e deixando constancia do mesmo en diferentes medios (Blog, páxina web,...).

Aprendemos sobre as nosas linguas e a nosa historia e axudamos a crear lazos de unión cunha cultura tan parecida como a Irlandesa.

Ademais os nosos alumnos tiveron a oportunidade , a mediados do mes de maio, de viaxar a Irlanda e coñecer in situ a realidade lingüística do gaélico, e contrastala coa situación do Galego. Realizando o seguinte itinerario de actividades:

Durante os tres anos os tres centros comprometémonos a traballar conxuntamente no estudo da situación das nosas linguas, na difusión dos resultados e na implicación de alumnos e profesores.

4.1.12.- Actividades extraescolares.-

Existe unha relación indisoluble entre bo clima de convivencia e a mellora do alumnado.

As viaxes de estudos axudan a aprender e a ver as cousas de outro xeito. Estas viaxes duran mais de un día , tempo no que o alumnado ten que convivir co resto dos compañeiros e realizar numerosas actividades en conxunto. Polo tanto, aprender a convivir entre eles e coñecerse mellor de maneira distinta a que se coñecerían simplemente asistindo a clase a diario.

No noso centro organizamos os seguintes viaxes de estudos:

- Viaxe cultural Madrid-Toledo-Valencia de alumnado de 4º ESO (fin de etapa) durante oito días a finais do mes de abril.
- Viaxe cultural a Madrid de alumnado de 1º BACH durante catro días no mes de

Maio organizado polo departamento de Historia.

- Viaxe a Irlanda do alumnado que participa no intercambio Tuam-Ponteareas (Erasmus +) durante sete días a segunda semana de Maio.

4.1.13.- Horta escolar ecolóxica.-

O contorno é un elemento clave na aprendizaxe e **convivencia** das persoas, tamén para os seus hábitos saudables, e na escola cobra especial importancia, xa que non se aprende so dentro da aula.

O recinto escolar contribúe, polo tanto, á educación, ao mesmo tempo que é un lugar para o desfrute . A horta ecolóxica escolar é un excelente recurso educativo e saudable, xa que posibilita que o alumnado aprenda facendo a través de experiencias co seu entorno natural e rural, mediante a actividade investigadora, o traballo en grupo e o fomento de hábitos de coidado, e de responsabilidade medioambiental.

A horta escolar ecolóxica favorece a sensibilización ante a necesidade de coidar do medio ambiente e facer un uso mais responsable dos recursos naturais.

Esta iniciativa permite coñecer de forma empírica como crecen as plantas, se obteñen alimentos e entender como funcionan os ecosistemas. A horta é un bo punto de partida para coñecer como funciona o sistema alimentario mundial e a maneira en que a forma de producir afecta ás persoas.

Este tipo de iniciativa pedagóxica axuda a entender a importancia da alimentación saudable. Se o alumno sabe de onde veñen os alimentos, e canto custa obtelos ten mais oportunidades de ser consumidor responsable.

A través de este tipo de iniciativa fomentamos actitudes de cooperación , pois realizamos traballo en equipo, algo básico na agricultura ecolóxica. A actividade física na horta e a recompensa de ver crecer o que cultivamos alimenta a motivación por aprender mais no ámbito escolar.

Por todo isto no noso centro contamos con unha horta ecolóxica na que está a traballar o alumnado de PEMAR , e ademais contamos con un punto para xestionar residuos de forma responsable.

4.1.14.- Semana das Ciencias.-

Cando se vincula convivencia e aprendizaxe acelérase de forma moi contundente os aprendizaxes e redúcense paralelamente os conflitos.

Participamos na semana das ciencias organizada polo concello de Ponteareas no mes de abril con actividades tan diversas como:

- **Microcharla** que levou por título “a historia dos números” impartida por alumnos de primeiro de bacharelato.
- **Visitamos Ecocelta**

Ecocelta Galicia S.L. é unha pyme galega adicada á fabricación e comercialización de abonos e emendas orgánicas para uso como fertilizantes en agricultura e xardinería. Ecocelta recicla os restos orgánicos a través do compostaxe e vermicompostaxe (lombricultura), mantendo un compromiso co medio ambiente.

- **Visitamos o museo “ciencia en movemento”**

Unha das mellores maneiras de espertar a curiosidade e aprender, é experimentando. O concello de Ponteareas puxo á disposición do alumnado un Museo Científico con máis de 70 obxectos co lema “prohibido non tocar”. Promove a curiosidade e interese da mocidade polas ciencias e a natureza motivando as ganas de aprender sobre gran variedade de disciplinas científicas e con divertidos tópicos.

- **Participación na realización de proxectos que se expoñen na feira das ciencias**

Os nosos alumnos elaboraron pequenos proxectos en distintos campos : tecnoloxía, matemáticas ,ciencias e expuxeron ditos proxectos na “feira das ciencias “ de Ponteareas que consiste en pequenos espazos onde os centros escolares, por medio do seu profesorado e alumnado van expoñer inventos, proxectos e investigacións de diferente índole, onde o público poderá observar, manipular ou interactuar en cada un deles.

5.- Concreción en cada actuación: medidas e programas, responsables, destinatarios, procedementos para o desenvolvemento e execución das actuacións.-.

Os programas e medidas vinculadas coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos concretaranse nas seguintes actuacións:

5.1.- Actuacións a nivel de centro.-

| DENOMINACIÓN | TIPO | DESTINATARIOS | OBXECTIVO | ACTIVIDADES | RESPONSABLE | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|---|--------------|----------------------|---|--|---|--|--|
| Coidado do entorno escolar, dos espazos do centro e do material común | Intervención | Comunidade educativa | <ul style="list-style-type: none"> • Crear un ambiente acolledor e agradable que permita ver o centro como algo propio e valioso. • Fomentar hábitos de hixiene do contorno escolar | <ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun calendario de limpeza de espazos exteriores para o alumnado. • Concurso de aula “Unha clase con clase”. • Decoración de espazos comúns e aulas coa temática propias de datas festivas (magosto, nadal, entroido...). • Campañas de sensibilización. • Horta ecolóxica. • Campañas de reciclaxe. | Comunidade educativa | Durante todo o curso e valoración ao final dos trimestres. | <ul style="list-style-type: none"> • Paneis informativos. • Traballos do alumnado • Material e medios necesario para horta. • Papeleiras nas aulas, espazos comúns que permitan separar os residuos. |
| Potenciación do funcionamento da Comisión de Convivencia. | Organización | Comunidade educativa | <ul style="list-style-type: none"> • Dinamizar o funcionamento da Comisión de Convivencia. | <ul style="list-style-type: none"> • Incorporar as iniciativas dos distintos sectores da comunidade educativa ao plan de convivencia. • Impulsar medidas preventivas e accións dirixidas á promoción da convivencia. • | Equipo directivo e membros da Comisión de Convivencia | Trimestral | |

| DENOMINACIÓN | TIPO | DESTINATARIOS | OBXECTIVO | ACTIVIDADES | RESPONSABLE | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|--|--------------|----------------------|--|--|--|-----------------|--|
| Dinamización da xunta de delegados/as | Organización | Alumnado | <ul style="list-style-type: none"> • Implicar ao alumnado no desenvolvemento do plan de convivencia. • Tomar decisións por consenso • Mellorar a comunicación co alumando | <ul style="list-style-type: none"> • Reunións periódicas para trasladar a dirección achegas e iniciativas para a modificacións das normas de convivencia, organización dos espazos e tempos. • Partindo das normas de convivencia xerais, concretar | Xefatura de estudos | Mensual | <ul style="list-style-type: none"> • Reunións |
| Impulsar a participación do alumnado nas actividades do centro | Organización | Alumnado | <ul style="list-style-type: none"> • Promover a participación do alumando en actividades que contribúan a mellora na convivencia do centro. • Fomentar ocio activo | <ul style="list-style-type: none"> • Concursos, actividades, saídas didácticas e xogos de distinta natureza (concursos literarios, actividades e xogos matemáticos, concurso de disfraces, saídas didácticas, xincanas, karaokes, club de lectura, competicións deportivas intra e intercentros, charlas sobre temas diversos...) | <ul style="list-style-type: none"> • Coordina dor/a das actividades extraescolares • Tioras e titores • Equipo de biblioteca • Equipo de convivencia | Todo o curso | <ul style="list-style-type: none"> • Reunións • Titorías • Hora de lectura e cálculo mental • Actividades conmemorativas e fin de trimestre. |
| Caixa de suxestións | Organización | Comunidade educativa | <ul style="list-style-type: none"> • Abrir outra vía para a achega de iniciativas relacionadas coa convivencia. | | Equipo directivo | Todo o curso | <ul style="list-style-type: none"> • Caixas de suxestión situadas en lugares accesibles para todos os membros da comunidade educativa. |
| Apertura do centro ao contorno | Intervención | Comunidade educativa | <ul style="list-style-type: none"> • Converter o centro nun lugar de ocio e convivencia. • Fomentar no alumnado o ocio activo. | <ul style="list-style-type: none"> • Facilitar a utilización das instalacións do centro ás asociacións, club deportivos do contorno. | Equipo directivo | Todo o curso | |

5.2.- Actuacións destinadas ao profesorado.-

| DENOMINACIÓN | TIPO | OBXECTIVO | ACTIVIDADES | RESPONSABLE | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|---|--------------|--|--|---|-----------------|--|
| Plan de acollida do novo profesorado | Organización | <ul style="list-style-type: none"> • Propiciar unha rápida integración no funcionamento do centro. • Favorecer un clima de colaboración e confianza. | <ul style="list-style-type: none"> • Reunión co profesorado de nova incorporación para facilitarles a documentación necesaria, informar dos aspectos peculiares do centro e aclarar dúbidas. | Equipo directivo | Setembro | <ul style="list-style-type: none"> • Caderno do profesorado. • Modelos de documentación |
| Difusión das Normas de Convivencia e dos partes de amoestación | Organización | <ul style="list-style-type: none"> • Mellorar a aplicación e afectividade da aplicación das normas de convivencia. | <ul style="list-style-type: none"> • Entrega dunha copia das normas de organización e funcionamento e dos impresos dos partes de amoestación. • Resume das medidas de corrección e instrucións de aplicación. | Equipo directivo | Setembro | <ul style="list-style-type: none"> • Normas de organización e funcionamento (NOF) • Plan de Convivencia • Caderno do profesorado. • Impresos dos partes de amoestación e instrucións para aplicación |
| Proporcionar protocolos de actuación ante problemas de acoso, absentismo, actitude pasiva do alumnado | Organización | <ul style="list-style-type: none"> • Contar cunha ferramenta que proporcione seguridade ao profesorado na aplicación das normas de convivencia e a resolución de conflitos. | <ul style="list-style-type: none"> • Difusión dos distintos protocolos | <ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo • Departamento de Orientación | Setembro | <ul style="list-style-type: none"> • Protocolos de acoso e absentismos elaborado pola Consellería e adaptado ao centro. • Protocolo de actuación para alumnado con actitude pasiva. |
| Deseño de actividades que melloren a convivencia | Prevenición | <ul style="list-style-type: none"> • Fomentar a participación dos departamentos didácticos na convivencia escolar. | <ul style="list-style-type: none"> • Uso de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, usando a dinámica de grupos (cohesionados). • Proponer actividades complementarias e extraescolares que conteñan elementos de integración e relación entre o alumnado. | Xefas e xefes de departamento | Setembro | <ul style="list-style-type: none"> • Programacións didácticas |
| Plan de comunicación | Organización | <ul style="list-style-type: none"> • Intercambiar de | <ul style="list-style-type: none"> • Reunión do profesorado dos | <ul style="list-style-type: none"> • Xefe de | 2º trimestre | <ul style="list-style-type: none"> • Informes |

| cos centros de primaria adscritos. | | información e coñecer ao alumando que se incorpora ao centro. | centros de primaria adscritos co profesorado-titor de 1º ESO. | estudos • Departamento de Orientación | | |
|---|--------------|---|--|---|-------------------|-------------------|
| DENOMINACIÓN | TIPO | OBXECTIVO | ACTIVIDADES | RESPONSABLE | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
| Grupo de traballo sobre mediación e convivencia | Prevención | <ul style="list-style-type: none"> Fomentar a participación do profesorado en actividades formativas sobre habilidades sociais, resolución de conflitos. | <ul style="list-style-type: none"> Actividades formativas sobre diversos aspectos da convivencia escolar. | <ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo Equipo convivencia Departamento de Orientación | 1º e 2º trimestre | |
| Profesorado titor de alumando problemático. | Organización | <ul style="list-style-type: none"> Compensar déficit afectivos e sociais cunha maior atención escolar | <ul style="list-style-type: none"> Seguimento semanal por parte do profesorado titor do comportamento, asistencia, realización de tarefas, traer o material escolar | <ul style="list-style-type: none"> Titoras ou titores específicos | Todo o curso | Dotación do horas |

5.3.- Actuacións destinadas ao alumnado.-

| DENOMINACIÓN | TIPO | OBXECTIVO | ACTIVIDADES | RESPONSABLE | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|---|-------------|---|--|--|---|--|
| Plan de acollida do alumnado de novo ingreso. | Prevenición | <ul style="list-style-type: none"> • Informar ao novo alumnado sobre el funcionamento xeral do centro e das normas de convivencia. | <ul style="list-style-type: none"> • Percorrido polas instalacións do centro, guiados e informados polo alumnado axudante do noso centro. | <ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo • Equipo de convivencia • Departamento de orientación | 3º trimestre do curso anterior á súa incorporación ao centro. | <ul style="list-style-type: none"> • Guía con recomendacións xerais. |
| Programa de habilidade sociais. | Prevenición | <ul style="list-style-type: none"> • Mellorar a capacidade do alumnado para a convivencia. | <ul style="list-style-type: none"> • Taller para desenvolver hábitos e comportamentos sociais básicos no alumnado. • Taller para desenvolver as habilidades sociais e de comunicación básicas. • Taller sobre educación emocional (autocontrol, comprender as emocións dos demais...) | <ul style="list-style-type: none"> • Titora ou titoría • Departamento de Orientación | Todo o curso | <ul style="list-style-type: none"> • Consultar programa |
| Difusión do Plan de convivencia, das normas de convivencia e dos dereitos e deberes do alumnado | Prevenición | <ul style="list-style-type: none"> • Buscar o consenso en ditas normas. • Concienciar sobre o respecto as normas de convivencia. | <ul style="list-style-type: none"> • Difusión dentro del Plan de Acción Titorial. • Discusión e debate sobre as normas de convivencia. • Taller sobre a necesidade de normas • Taller sobre o conflito escolar e como solucionarlos cando xurdan, | <ul style="list-style-type: none"> • Titora ou titoría • Departamento de Orientación | 1º trimestre | <ul style="list-style-type: none"> • Resume co máis esencial do Plan de convivencia, das Normas de convivencia e dos dereitos e deberes do alumando |
| Difusión do servizo de mediación escolar | Prevenición | <ul style="list-style-type: none"> • Informar ao alumando da existencia e do funcionamento do servizo de mediación como forma pacífica de resolución de conflitos. | <ul style="list-style-type: none"> • Difusión do plan de mediación escolar | <ul style="list-style-type: none"> • Titores/as • Equipo de convivencia • Departamento de orientación | 1º trimestre | <ul style="list-style-type: none"> • Plan de mediación. |

| DENOMINACIÓN | TIPO | OBXECTIVO | ACTIVIDADES | RESPONSABLE | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|---|--------------|--|--|--|-----------------|--|
| Elección de alumnado axudante nos distintos grupos | Organización | <ul style="list-style-type: none"> Elección do alumnado axudante como paso previo á formación de mediador | <ul style="list-style-type: none"> Debate e discusión sobre as características que debe ter un alumno ou alumna axudante. Coñecer as funcións do alumnado axudante. | <ul style="list-style-type: none"> Equipo de convivencia Departamento de orientación | 2º trimestre | <ul style="list-style-type: none"> Materiais para a elección |
| Desenvolvemento do programa de mediación | Prevenición | <ul style="list-style-type: none"> Formar alumnado mediador | <ul style="list-style-type: none"> Curso de formación de alumnado mediador | <ul style="list-style-type: none"> Equipo de convivencia Departamento de orientación | 2º trimestre | <ul style="list-style-type: none"> Material específico e charlas de expertos. |
| Fomentar valores democráticos: tolerancia, xustiza, aceptación da diversidade. | Prevenición | <ul style="list-style-type: none"> Fomentar valores democráticos | <ul style="list-style-type: none"> As propostas no Plan de Acción Titorial | <ul style="list-style-type: none"> Titores/as Departamento de orientación | 1º trimestre | <ul style="list-style-type: none"> Material específico para aplicación na titoría |
| Recollida de información do alumnado | Prevenición | <ul style="list-style-type: none"> Atender as necesidades do alumnado Detectar conflitos | <ul style="list-style-type: none"> Informe do alumnado individual e de grupo-clase Reunións da xunta de delegados | <ul style="list-style-type: none"> Titores/as Departamento de orientación | Cada trimestre | <ul style="list-style-type: none"> Enquisas para prever situacións conflictivas e acoso. Enquisas sobre a marcha do curso. |
| Programas individualizados para mellorar a convivencia e buscar alternativas á expulsión. | Intervención | <ul style="list-style-type: none"> Asegurar o esgotamento doutras vías antes de proceder a corrección mediante medidas sancionadoras previstas nas normas de convivencia. | <ul style="list-style-type: none"> Seguimento semanal do comportamento, asistencia, realización das tarefas, traer material... Contrato ou compromiso do alumno/a. Axenda escolar | <ul style="list-style-type: none"> Titores/as Xefatura de estudos Departamento de orientación | Todo o curso | <ul style="list-style-type: none"> Tempo preciso. |
| Plan de actuación en caso de absentismo | Intervención | <ul style="list-style-type: none"> Detectar á maior brevidade os casos de absentismo. | <ul style="list-style-type: none"> Recompilación da información sobre o caso de absentismo . Comunicación ás familias Comunicación a Inspección e Servizos Sociais do concello. | <ul style="list-style-type: none"> Profesora do | Todo o curso | <ul style="list-style-type: none"> Ver protocolo |
| Plan de actuación en caso de acoso escolar | Intervención | <ul style="list-style-type: none"> Identificar e detectar os casos de acoso escolares Coñecer o protocolo de | <ul style="list-style-type: none"> Difusión entre o profesorado das claves para identificación do acoso escolar. | <ul style="list-style-type: none"> Toda a comunidade educativa | Todo o curso | <ul style="list-style-type: none"> Resume do protocolo Resume das claves |

| | | | | | | |
|---|--------------|--|---|--|--------------|---|
| | | actuación para os casos detectados. | <ul style="list-style-type: none"> • Difusión entre o profesorado do protocolo de actuación. | | | |
| Protocolo de actuación ante alumnado pasivo. | Intervención | <ul style="list-style-type: none"> • | <ul style="list-style-type: none"> • | <ul style="list-style-type: none"> • | | <ul style="list-style-type: none"> • |
| Plan de actuación na corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia. | Intervención | <ul style="list-style-type: none"> • Asegurar o esgotamento doutras vías antes de proceder a corrección mediante medidas sancionadores previstas nas normas de convivencia. | <ul style="list-style-type: none"> • Compromiso educativo para a convivencia | <ul style="list-style-type: none"> • Xefatura de estudos | Todo o curso | <ul style="list-style-type: none"> • Ver compromiso educativo |
| Aula de convivencia | Intervención | <ul style="list-style-type: none"> • Resolución de conflitos | <ul style="list-style-type: none"> • As propias do funcionamento da aula | <ul style="list-style-type: none"> • Xefatura de estudos • Departamento de orientación | Todo o curso | <ul style="list-style-type: none"> • Pautas de actuacións • Espazo de reunión |
| Parte de convivencia azul | | <ul style="list-style-type: none"> • | <ul style="list-style-type: none"> • | <ul style="list-style-type: none"> • | | <ul style="list-style-type: none"> • |

5.4.- Actuacións destinadas ás nais e pais.-

| DENOMINACIÓN | TIPO | OBXECTIVO | ACTIVIDADES | RESPONSABLE | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|---|-------------|---|---|--|-----------------|-------------------------|
| Difusión do Plan de convivencia e das normas de convivencia | Preventiva | <ul style="list-style-type: none"> Acordar coas familias e coordinar criterios e pautas de acción en relación a convivencia e resolución de conflitos. | <ul style="list-style-type: none"> Presentar o Plan de convivencia e as normas de convivencia, así como as consecuencias do seu incumprimento. | <ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo Titores/as | Setembro | . Guía para pais e nais |
| Comunicación dos pais e nais do alumnado de novo ingreso. | Prevenición | <ul style="list-style-type: none"> Facilitar ao alumnado novo a integración no centro | <ul style="list-style-type: none"> Reunión coas nais e pais do alumnado de novo ingreso | <ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo Dpto orientación | Setembro | . Guía para pais e nais |
| Charlas informativas sobre educación en valores e resolución de conflitos | Preventiva | <ul style="list-style-type: none"> Concienciar aos pais e nais do papel da familia na prevención de conflitos. | <ul style="list-style-type: none"> Taller de formación en relación á convivencia e resolución de conflitos sen violencia. | <ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo ANPA | 1º trimestre | Reunión de pais e nais |

6.- Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situación de acoso escolar.-

Que se considera acoso?

No artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, incluído no capítulo III titulado “Prevención e tratamento das situación de acoso escolar”, defínese o acoso escolar dicindo:

*Para os efectos desta lei, considérase **acoso escolar** calquera forma de **vexación ou malos tratos continuados no tempo** dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de **carácter verbal, físico ou psicológico**, incluído o **illamento ou baleiro social**, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.*

Para poder **considerar un comportamento como acoso escolar** deben cumprirse simultaneamente estes tres criterios:

- A existencia de intención de facer dano (**intencionalidade**).
- A repetición das condutas agresivas (**repetición**).
- A **duración no tempo**, co establecemento dun esquema de **abuso de poder desequilibrado** entre vítima e agresores (**desequilibrio de forzas**).

Formas de acoso

O acoso pode adoptar diversas **formas**:

- Exclusión e marxinación social , tanto activa como pasiva (ignorar).
- Agresión verbal directa (insultos, alcumes...) e indirecta (falar mal de alguén ás súas costas)
- Agresión física indirecta (agochar, romper ou roubar cousas)
- Agresión física directa (pegar)
- Intimidación/ameaza/chantaxe
- Abuso sexual físico ou verbal (comentarios).

Algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación (teléfono móbil, redes sociais...), o **ciberacoso**.

O ciberacoso **caracterízase** polos seguintes aspectos:

- Como nas outras formas de acoso escolar, a **situación perdura no tempo**. Quedan excluídas as accións puntuais que, aínda que puidesen ser un delito, non constitúen ciberacoso.
- **Adoita existir contacto ou relación previa** no mundo físico entre vítima e persoa ou persoas acosadora/s.
- **Existe intención de causar dano**, aínda que non sempre se dá nos primeiros estadios do proceso.
- Realízase mediante o **emprego de medios TIC** (internet, teléfono móbil, redes sociais, blogs...).

O ciberacoso pode ter as seguintes **formas**:

- **envío de imaxes ou vídeos denigrantes** sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes...
- facer, en contornos públicos, **comentarios despectivos ou rumores difamatorios** co fin de provocar unha resposta expansiva ou cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima...
- cando se **manipula a información** para **difundila** de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, **cando se accede coa clave doutra persoa** e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome...

Erradicar o acoso

Para erradicar as situacións de acoso escolar, debemos ter presente o seguinte:

- **Intervir ao primeiro sinal**, para que a violencia non sexa grave nin se repita.
- A **amizade e a integración como prevención**: o traballo propio da aula debe permitir que **todo o alumnado teña un grupo de amigos**. Isto permitirá, ao mesmo tempo, mellorar a calidade de vida nas escolas e **aprender habilidades sociais**.
- Existen tres papeis que hai que **prever**, intervindo con toda a comunidade educativa: o de **persoa agresora**, o de **vítima** e o de **persoa espectadora pasiva**, que coñece a violencia pero non fai nada para evitala.

PASO 1. Identificación, comunicación e denuncia da situación.

1. Que facer cando se ten coñecemento dunha posible situación de acoso escolar?

Cando calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familia, persoal non docente) teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de acoso **ten a obrigaón de poñelo en coñecemento** dun profesor/a ou da profesora titora ou profesor titor, quen lle trasladará a información ao equipo directivo. É moi importante ser discretos e reservados nesta comunicación.

2. Como se comunica a situación de acoso?

Farase de forma distinta, dependendo da persoa que coñeza os feitos:

- **Se é unha alumna ou alumno:**
 - comunicación por escrito, que será depositado na caixa azul de convivencia.
 - comunicación verbal a unha profesora ou profesor, ou membro do equipo directivo.
- **Se é a familia:**
 - comunicación por escrito, que será depositado na caixa azul de convivencia.
 - comunicación á titora ou titor na hora de atencións a pais e nais.
 - comunicación verbal ao profesorado ou equipo directivo.
- **Se é o profesorado ou persoal non docente:**
 - comunicación á profesora titora ou titor do alumno implicado ou ao equipo directivo.
- **Se é persoal alleo ao centro:**
 - comunicación ao equipo directivo.

3. Rexistro por escrito.

A continuación, rexistrárase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar mediante o emprego do **anexo I**. Neste documento recóllese información sobre a persoa ou persoas que primeiro teñen coñecemento da situación e de como se produce esta, así como do alumnado implicado nesta.

4. Medidas urxentes de protección á vítima.

O director/a do centro establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

- **Vixilancia** específica das persoas indicadas.
- **Supervisión e vixilancia naqueles lugares** onde poida producirse o suposto acoso.
- **Medidas cautelares que impidan o contacto** entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causantes da posible situación de acoso.
- Comunicación e **solicitude de colaboración ás familias** do alumnado implicado.
- **Asignación dunha persoa responsable** de atención e apoio á presunta vítima.

5. Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima.

A dirección do centro **designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima** entre o profesorado do centro.

Procurarase que sexa unha persoa con formación e sensibilidade coa temática, e cando sexa posible, que garde unha relación de confianza e proximidade coa presunta vítima.

A persoa responsable da atención á presunta vítima **será convocada** para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta (**anexo II**).

6. Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado .

A dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en **coñecemento das familias do alumnado implicado**, para o que empregará a vía de **comunicación máis rápida posible**, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta **comunicación por escrito** a través dos **anexos III e IV**.

7. Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (anexo V)

A dirección do centro designará unha **persoa responsable da tramitación do protocolo** e no mesmo nomeamento será **convocada para recibir a información** pertinente, reunión da que se **redactará a acta**. Entre a **información facilitada** nesta primeira reunión estará:

- os **feitos**.
- os **trámites realizados** pola dirección do centro.
- **copia dos partes de incidencia** e das **medidas correctoras** de todo o curso que lle afecte ao alumnado implicado.
- **datos de absentismo escolar**.
- **informe dos titores/as** deste alumnado.

Esta persoa terá as seguintes **funcións**:

- **comunicarse con todos os suxeitos implicados**,
- **recadar a información** necesaria e **comunicarlla** nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para adoptar as medidas oportunas
- de ser o caso, será tamén a **persoa responsable da tramitación do correspondente expediente disciplinario** se definitivamente se conclúe en que se trata dun caso de acoso escolar (neste caso ten un prazo de 12 días lectivos dende que se tivo coñecementos dos feitos).

8. Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (anexo VI)

Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).

PASO 2. Recollida de información. Rexistro.- (anexo VII)

Trátase dunha fase na que o principal obxectivo é o de **recadar os datos necesarios** para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

No caso de incoarse expediente disciplinario, toda a información recollida nesta fase formará parte deste expediente.

9. Entrevista individual á vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista (anexo VIII).

O obxectivo desta entrevista será:

- proporcionarlle apoio e protección á alumna ou alumno que o sofre,
- rachar co illamento social que permitiu a aparición do acoso
- obter a súa información ao respecto.

10. Entrevista individual á persoa ou persoas responsable/s do acoso. Citación do alumnado acosador a unha entrevista (anexo IX)

O obxectivo desta entrevista será:

- recoller a información dende o punto de vista da persoa ou persoas agresora/s,
- amosar a postura do centro de intolerancia cero ante as agresións
- tome ou tomen conciencia das consecuencias da súa conduta para a vítima e para eles ou elas mesmo/as,

11. Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista (anexo X)

Trátase de contrastar a información achegada por estas persoas coa obtida da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos.

Nas entrevistas dos puntos 9, 10 e 11 deberase ter en conta:

- no caso de que sexa máis dunha persoa, as entrevistas deben ser realizadas de forma individual.
- nos **anexos VIII, IX e X** recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento das entrevistas.
- cando o alumno ou alumna entrevistado sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

12. Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s (anexo XI e XII)

Trátase de dar a coñecer e recoller información sobre os feitos denunciados, e, de ser o caso, que medidas tomaron ao respecto.

É preciso informar da postura firme do centro sobre a intolerancia absoluta de cara ás agresións e procurar a colaboración das familias, contándolles os seguintes pasos da intervención para a atallar o problema.

Estas entrevistas teñen como obxectivo:

- tranquilizar as familias.
- informar cal é a situación dos feitos.
- Informas das medidas adoptadas para a protección da vítima
- informar das medidas provisionais que se puidesen adoptar e que lle afecten ao seu fillo ou filla.
- Amosar a postura firme do centro de intolerancia ás agresións e facerlles ver as consecuencias deste tipo de condutas.

Entrevista coa familia da vítima (anexo XI).

Entrevista coa familia da persoa ou persoas acosadora/s (anexo XII).

13. Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (anexo XIII)

A persoa responsable da tramitación poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico da persoa que ocupe a xefatura de orientación do centro cando o considere necesario e oportuno para o desenvolvemento do proceso.

14. Solicitude de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso (anexo XIV).

Cando se considere oportuno, a persoa responsable da tramitación, poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa, en calquera momento do proceso.

Ademais, a complexidade das situacións de ciberacoso pode derivar na necesidade de consulta e asesoramento a organismos ou axentes externos ao centro como:

- Axencia Española de Protección de Datos
- Policía Local e/ou Policía Autonómica
- Unidades de delitos telemáticos da Garda Civil e da Policía Nacional
- Outros

Unha vez rematado o proceso de recollida de información, rexistraranse nun documento todos os datos relevantes para proceder á súa análise.

PASO 3. Análise da información e adopción de medidas.-

15. Análise da información (anexo XV).

Concluídas as entrevistas, o responsable da tramitación **analizará a información** recollida e fará unha **valoración da situación**, determinando se hai indicios suficientes para **confirmar ou non a existencia de acoso** entre alumnos/as, así como a gravidade de la situación.

Emitirá un informe da situación denunciada e **entregarao á Dirección** do centro que en función da información aportada, **decidirá si procede la incoación dun procedemento corrector por falta grave** ao presunto alumno/a o u alumnos/as agresores.

16. Adopción de medidas (anexo XVI).

Unha vez analizada a información, a persoa responsable da tramitación elaborará unha **proposta de medidas que haberá que poñer en marcha no centro**, nas aulas afectadas e co alumnado implicado e coas súas familias.

Esta proposta recollerase por escrito e indicaranse as medidas, os axentes implicados, os recursos utilizados, a temporalización e o seu seguimento e avaliación.

A **dirección do centro**, tomando en consideración esta proposta, **ditaminará as medidas definitivas que hai que adoptar**, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do Departamento de Orientación e da Comisión de convivencia do centro.

As medidas que teñan que impoñerse deberán: :

- ter un carácter educativo.
- tender á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude.
- reparar o dano causado.
- garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

Medidas de protección á vítima

Algunhas destas medidas poderían ser:

- **Vixilancia específica das persoas implicadas** (acosada e acosadora/s).
- Solicitude de **colaboración familiar** para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- Asignación dunha “**persoa responsable de apoio e atención á vítima**” á que a vítima poida acudir cando o necesite.
- **Reorganización do horario de profesorado** para unha mellor atención do alumno afectado.
- **Concertar encontros periódicos** para facer seguimento da situación.
- **Titoría individualizada** (da persoa ou persoas acosadora/s e da vítima) e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconcepto e da autoestima...
- **Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais**: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...

Medidas reeducadoras para as persoa ou persoas agresora/s

É preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:

- Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun **programa de habilidades sociais**.
- **Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos**. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
- **Formación de equipos de mediadores**.
- **Formación específica sobre as consecuencias da conduta**: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
- **Desenvolvemento da capacidade de empatía**, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva; pero non son capaces de compadecerse, non amosan

empatía emocional (sentir cos demais).

- **Programas de modificación de conduta**, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...
- **Solicitude de colaboración familiar** para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- **Derivación a servizos especializados externos** para abordar tratamentos específicos, se procede.

Medidas correctoras para a persoa ou persoas agresora/s

Unha vez confirmada a situación de acoso, requirirase da **tramitación do oportuno expediente disciplinario** conforme o regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, e o artigo 46 do decreto 8/2015 que desenvolve a anterior lei, e serán de aplicación, de ser o caso, as medidas correctoras correspondentes establecidas na devandita normativa.

Medidas co grupo-clase e co alumnado espectador/observador .-

- **Campañas de sensibilización, mediación e apoio** entre compañeiros e compañeiras, **programas de habilidades sociais**, de comunicación e empatía...
- **Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas** na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
- **Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.**
- **Analizar as consecuencias dos comportamentos.**
- **Realizar actividades de adestramento** para actuar ante diferentes situacións de maltrato.

Medidas coas familias

- **Contribuír ao crecemento persoal** dos seus fillos ou fillas **a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.**
- **Recoñecer o seu papel como axentes educativos**, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.

- **Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe ás súas fillas e aos seus fillos** e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- **Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...**
- **Fortalecer a implicación da familia na vida escolar** e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).

Medidas co equipo docente .-

- **Formación** para saber como **detectar e intervir** na aula ante **situacións de acoso escolar**.
- Acordar e **unificar criterios de actuación**, creando un código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.
- **Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor**.
- **Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia** e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- **Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos** (alumnos axudantes ou mediadores).

17. Comunicación á Inspección Educativa (anexo XVII)

A dirección do centro realizará a comunicación á Inspección Educativa, que se producirá nos seguintes casos:

- **Cando se confirma a situación de acoso escolar** e se procede á tramitación do procedemento do correspondente expediente disciplinario
- **Cando haxa coñecemento da existencia de denuncia policial ou denuncia xudicial**.
- **Cando o solicite, de oficio, a propia Inspección Educativa**.

Esta comunicación recollerá, cando menos:

- A información recollida no centro.

- As actuacións realizadas e as datas nas que se levaron a cabo.
- A información complementaria que se considere relevante ao respecto.

PASO 4. Seguimento das medidas adoptadas. Rexistro (anexo XVIII)


O director ou directora do centro, ou a persoa na que delegue, debe levar un **seguimento da situación**, para que non se volva a repetir e comprobar que o alumnado participante na situación do acoso, no grupo-clase tivo un cambio real nos seus comportamentos.

A este efecto, **programaranse encontros periódicos**, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: xa non hai maltrato, mellorou a situación da vítima e a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e condutas.

A dirección debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de cumprimento, segundo a temporalización prevista.

PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN

ANEXOS



7.- Normas de convivencia do centro.-

- Tódolos membros da Comunidade Educativa teñen a obriga de respectar e velar polas normas de convivencia reflectidas na lei 4/2011, de 30 de xunio de convivencia e participación da comunidade educativa.
- As normas de organización e funcionamento do centro, que inclúen as normas de convivencia, son públicas polo que se facilitará o seu coñecemento a tódolos membros da comunidade educativa.
- O artigo 11 da lei 4/2011 establece e recoñece a condición de autoridade pública para o profesorado no desempeño das súas funcións tanto directivas, organizativas, docentes como de corrección disciplinaria. Como tal, o profesorado terá polo tanto presunción de veracidade nas súas declaracións formalizadas por escrito, sen prexuízo de que o alumnado sinale ou achegue probas na súa defensa. Así mesmo, o profesorado poderá requirir a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas presentes normas, que resulte perigoso para a saúde ou integridade persoal ou que poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. O obxecto será entregado na Dirección do centro, quedando a disposición da nai ou pai ou titor/a legal ao finalizar a xornada escolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.
- Todos os membros da Comunidade Escolar deberán colaborar no mantemento, limpeza e bo estado das instalacións, moblaxe e materiais do Centro, e chamar a atención e, no seu caso, informar á Dirección da actitude daquelas persoas causantes de estragos ou que non traten correctamente o material e dependencias do Instituto ás que se lle aplicará o disposto na Lei 4/2011, de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu art. 13 “Responsabilidade e reparación de danos” puntos 1 e 3:
“1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, [...] ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. [...] As nais e pais ou as titoras ou tutores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

3. *O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan”.*

Polo tanto:

1. Débese establecer como norma habitual do centro a limpeza e a orde en todas as instalacións.
2. O profesorado e o persoal non-docente procurarán que se cumpra esta norma tentando que o alumnado teña un comportamento acorde coa esixencia.
3. O alumnado será amoestado por lixar ou estragar as pertenzas do centro e mesmo se lle poderá impoñer a limpeza ou a orde como medida de corrección.
4. O alumnado será responsable dos danos que cause, e os seus pais ou titores legais deberán pagar as reparacións.
5. Cando os estragos sexan obra dun grupo determinado, será todo o grupo o que se faga cargo da súa reparación.

● Sobre horario.

1. O **horario xeral** do centro establecerase cada ano académico segundo as disposicións legais vixentes.
2. O horario xeral comprende o **horario de apertura do centro, o horario regular de clases**, establecido no currículo de cada curso, e o **horario opcional** que comprende as actividades extraescolares, clases de recuperación, de reforzo educativo, exames...
3. Cada alumno/a terá un horario individual, determinado polo grupo en que estea, as materias que curse e as medidas de atención a diversidade que precise. Dito horario estará encadrado dentro do horario regular.
4. **O Centro pechará as portas dez minutos despois do inicio das clases.** Todos os alumnos/as que cheguen tarde colleránselle os datos para unha posterior xustificación. **Se o tempo de atraso, sen causa xustificada, é superior a 15 minutos, o alumnado non se incorporará a clase, quedando en custodia do profesorado de garda ou de dirección, coa colaboración do persoal non docente se fose necesario.**
5. Cando o Centro decida modificar o horario xeral para o curso seguinte, a aprobación da proposta levarase a cabo na última sesión do Consello Escolar do ano académico en curso.

● Sobre o recinto escolar

1. O recinto do Centro está reservado aos membros da Comunidade Educativa. Polo tanto **non se permite a entrada de persoas alleas ao mesmo** sen autorización; salvo por motivos académico-administrativos.
2. O **alumnado non pode abandonar o Centro en horario lectivo**. O alumnado só poderá abandonar o Centro durante a xornada escolar acompañados polos seus pais, nais ou titores legais ou, previa autorización por escrito dos seus pais/nais/titores legais, das persoas nas que estes deleguen, comunicando en conserxería a saída do recinto escolar e cubrindo unha solicitude que se lle facilitará en conserxería. Do incumprimento desta norma serán responsables exclusivos os alumnos, as alumnas e os seus pais, nais ou titores legais, e será motivo de sanción segundo se recolle neste regulamento.
3. **O comportamento no recinto escolar e dependencias do Centro así como no transporte escolar e durante as actividades complementarias e/ou extraescolares deberá ser correcto**, respectando en todo momento o profesorado, alumnado, persoal non docente e calquera persoa que se atope no Centro, así como as súas pertenzas. Non se permitirán insultos, expresións lesivas á dignidade e integridade das persoas, agresións e pelexas. Así mesmo o centro poderá corrixir disciplinariamente as condutas do alumnado realizadas fóra do recinto escolar, motivadas ou relacionadas coa vida escolar, que afectasen a membros da comunidade educativa, en particular o acoso escolar, de acordo ao establecido no artigo 28 da lei 4/2011.
4. O alumnado **non poderá entrar** dentro das dependencias do Centro **antes da hora de entrada** a clases sen permiso. As entradas, saídas e cambios de clase faranse con orde, evitando carreiras, aglomeracións e berros.
5. O alumnado non poderá circular dentro do recinto escolar con ningunha clase de vehículo, agás por necesidades académicas.
6. Os corredores son exclusivamente lugares de tránsito, evitando utilizalos como espazo de lecer ou reunión. Por tanto **o alumnado non poderá permanecer nos corredores nos cambios de clase, debendo estar no interior das aulas**, agás se a seguinte clase é nunha aula distinta ou se ten permiso do profesor/a entrante. **Todo o profesorado debe colaborar para que esta medida se cumpra**, invitando ao alumnado a que permanezan nas aulas. A permanencia inxustificada nos corredores durante o recreo, nos cambios de clase ou durante as clases poderá ser

sancionada.

7. O profesor/a permanecerá na aula ata que todo o alumnado saia ao recreo, procurará que as **lucos queden apagadas e pechará a porta da aula**.

O alumnado non poderá permanecer nas aulas durante o recreo, salvo permiso expreso dun profesor/a, baixo a súa responsabilidade e vixilancia. **Durante este período estáselle permitida a súa presenza na aula de informática, biblioteca, cafetería e vestíbulo de entrada, así como en tódalas pistas exteriores. En ningún momento o alumnado poderá saír fóra do recinto escolar durante o recreo. Nos arredores da biblioteca procurarase manter silencio para respectar aos usuarios da mesma.**

8. O alumnado non poderá permanecer nas pistas exteriores, cafetería, biblioteca e corredores en horas de clase aínda que faltase o profesor/a.
9. **O profesorado que teña clase a última hora deberá procurar que as lucos da aula queden apagadas e que o alumnado coloque as cadeiras enriba das mesas para facilitar a posterior limpeza das aulas.**

● Sobre as aulas

1. A cada grupo de alumnos/as asignaráselle unha aula do Centro a comezos do curso, sendo o grupo o responsable de que dita aula, a moblaxe e outros materiais que conteña se atopen en perfecto estado ao remate do curso.
2. O profesorado que dea clase na aula, pero especialmente o titor/a do grupo e o delegado/a darán conta á Dirección dos estragos que vaian aparecendo, co fin de arranxalos e tomar as medidas disciplinarias oportunas cando fosen feitos intencionadamente.
3. Realizaranse inventarios de aula a comezo de curso e trimestralmente na hora de titoría do grupo, asinados polo titor/a e o delegado/a, onde se recollan os posibles estragos e carencias da aula. Tamén se farán limpeza xerais da aula coa mesma frecuencia, na que todos os alumnos/as limparán a súa mesa, colaborarán na limpeza xeral da aula e na reparación de pequenos estragos.
4. Calquera **saída da aula** por parte do alumnado deberá ser **autorizada polo profesor/a** que nese momento imparta docencia.
5. O alumnado non poderá entrar nas aulas que non sexan as súas sen permiso expreso dun profesor/a.
6. O alumnado deberá ter presente a obrigatoriedade das seguintes **normas básicas**

nas aulas:

- a) **Pedir permiso para entrar na aula** cando cheguen tarde e **saudar educadamente** ao profesor/a e aos compañeiros/as que estean na aula.
 - b) **Non deambular pola clase** sen autorización.
 - c) Amosar un trato respectuoso co resto das persoas que comparten a aula.
 - d) Respetar as **regras básicas da comunicación**: escoitar o que se fala, respectar quendas de palabra e ter en conta as opinións dos demais.
 - e) **Evitar condutas que alteran a atención da clase** (conversar ou rir de maneira indebida, berrar, usar móbiles, consumir bebidas ou alimentos...)
 - f) **Os papeis e outro lixo deben tirarse nas papeleiras da aula**, pedindo permiso ao profesor/a. Nunca tiralo ao chan nin pola fiestra.
 - g) **Antes de abandonar a aula débese deixar as mesas e as cadeiras en orde, a luz apagada e o encerado limpo.**
 - h) **Agardar a autorización do profesor/a para abandonar a aula**, mesmo cando xa soou o timbre de cambio de clase ou remate da xornada.
- Sobre as aulas específicas.
 1. **As aulas específicas** (Informática, Laboratorios, Talleres, Aula de Plástica, Aula de Música, Aula de Audiovisuais, Ximnasio e Pistas Deportivas) **teñen unhas normas particulares que deben ser respectadas.**
 2. As aulas de Informática, Audiovisuais e a Biblioteca poderán ser empregadas por todo o profesorado e os seus grupos de alumnado sempre que non estean ocupadas. Existirán horarios no taboleiro da sala de profesores para reservar horas nas aulas.
 3. O resto das aulas específicas poderán ser empregadas polo profesorado sempre que fagan unha petición á Dirección xustificando o uso da devandita aula. A Dirección, previa consulta ao Departamento do que dependa a aula, aprobará ou non o seu uso.
 - Sobre as condutas a seguir.
 1. **Non está permitido fumar en todo o recinto escolar.** Así mesmo **prohíbese a venda e consumo de bebidas alcohólicas ou calquera outro tipo de drogas, e**

vir ao centro baixo os seus efectos.

2. Non está permitido comer, consumir lambetadas e beber, agás auga co permiso do profesor/a, nas aulas normais e nas específicas (laboratorios, tecnoloxía, informática...), biblioteca, ximnasio e corredores dos diferentes pavillóns.
3. **Non está permitido en todo o recinto escolar o uso de aparellos reprodutores de música ou imaxes, salvo os de uso académico; tampouco está permitido o uso de teléfonos móbiles, videoconsolas, punteiros láser** ou calquera outro enxeño tecnolóxico que se poida popularizar no futuro, e que poida distraer a atención dos alumnos ou alumnas, ou ser potencialmente pernicioso para a saúde das persoas presentes na aula, ou ser empregado malintencionadamente. **Prohíbese traer teléfonos móbiles ó Centro**, tendo en conta que o alumnado ten garantida a comunicación coas familias durante o horario lectivo a través dos teléfonos do Centro. En calquera dos casos, o Centro non se fai responsable da perda ou roubo de calquera aparello.
4. Están **prohibidos os xogos de azar** en todo o recinto escolar, salvo os que teñan un fins didácticos e os que o Consello Escolar autorice na cafetería para o tempo de lecer do alumnado.
5. A asistencia a clase realizarase co material escolar determinado polo profesor ou profesora, salvo causa xustificada, e participarse nas actividades de ensinanza-aprendizaxe planificadas por estes.

● Sobre a utilización das instalacións do Centro fóra do horario lectivo

1. Os membros da comunidade escolar teñen o dereito a empregar as dependencias, instalacións e materiais do Centro fóra do horario lectivo, sempre que se solicite autorización á Dirección do Centro e exista un responsable último que velará pola limpeza, orde e correcto uso dos materiais e instalacións utilizadas, sendo ademais o responsable de repoñer os posibles desperfectos que se puideran producir.
2. Considerando que o Centro debe estar aberto á sociedade, a Dirección do Centro facilitará ás institucións e asociacións diversas a utilización das instalacións, co compromiso de coidado e mantemento descrito no punto anterior.
3. A utilización das instalacións do Centro por institucións, asociacións ou persoas alleas ao Centro deberase **solicitar por escrito**, acompañando un informe

explicativo que conteña a descrición da actividade, quen a organiza, a quen vai dirixida, data de celebración, horario e necesidades técnicas. Dita solicitude irá dirixida á Dirección do Centro.

- Sobre a ausencia do profesor.

Cando se produza a demora dun profesor ou dunha profesora, o alumnado do grupo deberá esperar na aula; se transcorridos 10 minutos non se presenta o profesor ou profesora de garda, o Delegado ou Delegada **avisará ao Xefe ou Xefa de Estudos** ou, no seu defecto, a un membro do Equipo Directivo. Cando o grupo estea á espera dun profesor/a de garda permanecerá na **aula coa porta aberta**.

- Gardas

1. Establécense varios tipos de garda: as de aula (nas que se cubrirá a ausencia dalgún profesor ou profesora) e as de recreo (que, segundo o lugar onde se realicen, poderán ser de patio, de corredor, de biblioteca ou de aula de informática).
2. En cada sesión do horario regular haberá, polo menos, dous profesores/as de garda, procurando que sexan os máximos posibles de acordo coas dispoñibilidades horarias en cada curso. Nos recreos haberá, ademais, un profesor/a encargado da biblioteca e outro da aula de informática.
3. É función do profesorado de garda a tutela do alumnado en ausencia do profesor ou profesora correspondente e tamén nos períodos de lecer. O profesorado de garda recollerá no libro todas as anomalías que se produzan no centro durante o seu tempo de garda.
4. Despois de tocar o timbre, o profesorado de garda comezará a vixiar que non se produzan incidentes nas aulas e nos corredores ata a chegada do profesor ou profesora que vaia impartir a seguinte sesión, non permitindo que o alumnado permaneza fóra das súas aulas.
5. O profesorado de garda comprobará que, nas aulas baleiras (porque o alumnado estea na clase de Educación Física, noutras aulas específicas, etc.), as luces permanezan apagadas e as portas pechadas.
6. O profesorado de garda atenderá o alumnado que quede libre por ausencia do seu profesor ou profesora. Pasará lista na clase que cubra e anotará as ausencias ou faltas de puntualidade que comunicará a Conserxería para que as pasen ao parte diario. Ao finalizar a garda, deberá asinar o libro de gardas da sala do

profesorado, deixando constancia da ausencia do profesor ou profesora que substituíu, así como de calquera outra observación que considere pertinente. No caso de que o profesor/a ausente se incorporase despois da hora de inicio da clase, o profesorado de garda indicaráo, facendo constar a hora da incorporación. No libro de gardas non se poderá borrar nin riscar nada, só facer rectificacións.

7. Salvo indicación do profesor ou profesora ausente, o alumnado permanecerá na súa aula de referencia e non nas aulas específicas.
8. Cando se trate de ausencias do profesorado previstas, o profesor ou profesora procurará deixar actividades para o seu alumnado. O profesorado de garda coidará que o alumnado realice as actividades programadas. De non teren actividades previstas, procurará que empreguen o tempo no estudo ou en calquera outra actividade educativa que se considere pertinente. Non se permitirá ocupar o tempo en xogos de azar.
9. O alumnado agardará sempre dentro da aula. No caso de que, despois de dez minutos, non aparecese na aula ningún membro do profesorado, o delegado ou delegada do grupo irá á sala do profesorado ou, de non haber aquí ninguén, ao despacho dalgún dos membros do equipo directivo, para comunicar esta incidencia.
10. De se dar a situación de que os membros do profesorado ausente sexan máis ca os membros do profesorado de garda, xuntaranse nun só espazo ou dependencia libre nese momento aos dous grupos menos numerosos ou máis afíns. De seren moitas as ausencias, o profesorado de garda, xunto co membro de garda do equipo directivo, establecerán as medidas que consideren máis axeitadas.
11. No caso de indisposición ou accidente leve dun alumno ou alumna que non lle permita continuar a actividade lectiva, o profesorado de garda poñeráse en contacto cos pais ou titores legais para que o/a veñan recoller. Se non lles fose posible ou en ausencia destes, o profesorado de garda comunicarllo ao equipo directivo, que decidirá como levar o alumno ou alumna á súa casa ou, se é necesario, ao Centro de Saúde. De tratarse de incidencias máis graves que o requiran, chamarase a ambulancia.
12. O profesorado de garda permanecerá sempre localizable no centro, preferentemente na sala do profesorado, se non se está atendendo ningunha incidencia.
13. O profesorado de garda atenderá o alumnado que, a causa dunha sanción, fose

expulsado dalgunha clase. Para estes casos está habilitada a Aula de Dinamización da Convivencia.

14. Durante os recreos, o profesorado de garda terá delimitadas as tarefas a realizar segundo as zonas que lle toque cubrir:

Patio.- Vixiaranse as zonas de lecer do alumnado no recinto exterior do centro, prestando especial atención a que ningún alumno/a saia do recinto.

Corredor.- Vixiaranse as zonas do interior do centro, controlando que o alumnado non estea nas aulas nin nos corredores ou nos aseos das plantas superiores. Tamén se comprobará que as aulas estean pechadas e que as luces permanezan apagadas.

Biblioteca.- Atenderase o servizo de préstamo e velarase por que se cumpran as normas propias de uso da biblioteca.

Aula de informática.- Velarase por que se cumpran as normas propias de uso da aula de informática.

15. O profesorado de garda atenderá calquera outra función propia que poida establecer a Dirección por razóns de carácter urxente e ocasional.

16. Para contribuír ao bo desenvolvemento das sesións de garda, estarán á disposición do profesorado as fotografías do alumnado, os horarios dos diferentes grupos e as listaxes do alumnado coas optativas que cursan.

- Sobre as faltas de asistencia do profesorado.

1. **As ausencias do profesorado** as súas clases, actividades docentes recollidas no seu horario e reunións convocadas por o Xefe/a de Departamento ou Director/a **deberán ser xustificadas de acordo ao regulado pola lei ao respecto.**
2. A xustificación deberá facerse nun prazo non superior a dous días despois da incorporación ao centro, cubrindo correspondente parte de xustificación, detallando as causas da falta e achegando, se procede, a documentación que se estime oportuna para xustificar a súa ausencia.
3. **Sempre que sexa posible o profesorado deberá comunicar con antelación ao Xefe/a de Estudos a súa falta e o motivo da mesma**, co fin do organizar o funcionamento normal do Centro e facer constar no libro de gardas as ausencias.
4. **Se a ausencia é por causa imprevista, o profesorado afectado deberá comunicalo telefonicamente á Dirección do Centro o antes posible.**

5. **O profesorado que saiba con antelación que vai faltar deberá deixar traballo** aos grupos de alumnos/as afectados, facendo constar por escrito dito traballo no libro que para tal fin existe na sala de profesores e anotando a súa falta no libro de control de asistencia do profesorado.

- Sobre a hixiene e habitabilidade

1. Os lavabos e servizos hixiénicos e sanitarios deben ser usados exclusivamente para o fin que están pensados, por tanto no deben considerarse como lugar de recreo nin de reunión.
2. Débense conservar aulas, taboleiros, cadros, mesas, cadeiras e demais moblaxe no mesmo estado no que se atopaban a principio de curso,. O alumnado responsabilizarase da súa limpeza e conservación. Se se producisen situacións de especial sucidade ou desorde nas aulas, o grupo correspondente de alumnos e alumnas procederá a limpalas colectivamente a instancias da persoa titora, do Xefe ou Xefa de Estudos, ou de calquera profesor ou profesora..
3. Por educación e respecto ao noso contorno debemos manter limpas as distintas dependencias do Centro, utilizando as papeleiras e non tirando papeis polas fiestras ao exterior.
4. Por respecto aos demais membros da Comunidade Educativa deberase manter a debida hixiene corporal.

7.1.- Decálogo básico de convivencia

(Elaborado polo alumnado do centro)

1. Son unha persoa educada. Pido por favor, pido perdón e dou as grazas.
2. Evito insultos na comunicación cotiá.
3. Miro aos ollos do interlocutor e presto atención.
4. Ergo o brazo para falar e respecto a quenda de palabra.
5. Emprego un volume e ton de voz axeitados ao falar.
6. Chamo á porta antes de entrar.
7. Saúdo ó chegar e despídome ó marchar.
8. Respecto a intimidade dos demais.
9. Respecto as pertenzas dos compañeiros e das compañeiras.
Pido permiso para pedir algo. Devolvo o emprestado.
10. Evito o illamento de calquera compañeira e compañeiro.

8.- Conduas contrarias ás normas de convivencia do centro e as súas correccións

Conduas contrarias ás normas de convivencia.-

Art 1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en **condutas gravemente prexudiciais** para a convivencia e **condutas leves** contrarias á convivencia

Art 2. Son **condutas leves** contrarias á convivencia:

2.1. A falta de asistencia inustificada a clase.

O alumnado que falte a clase dun xeito reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais da avaliación e a propia avaliación continua, polo que poderá **perder o dereito a avaliación continua**.

O alumnado que nunha ou varias materias **perda o dereito a avaliación continua** terá que realizar un exame final desas materias para poder ser cualificado. Esta medida de corrección será decidida polo Director/a, a proposta do titor/a e oído os profesores/as das materias, e será comunicado ao alumno/a, pais/nais e departamento correspondente.

O número de faltas inustificadas a clase que provocan a perda ao dereito á avaliación continua son:

- a) Faltas de asistencia a unha materia: número de faltas igual o número de clases semanais multiplicado por 3.
- b) Faltas de asistencia a varias materias: número total de 20 horas.

Ademais o titor/a, ante a reiterada falta de asistencia non xustificada ás clases, baixo a supervisión da Xefatura de Estudos e coa colaboración do departamento de Orientación, comunicará aos pais/nais ou tutores/as legais as faltas de asistencia por escrito, e de non ter unha resposta axeitada dos mesmos, deberá **comunicar aos servizos sociais do Concello e a Administración educativa** a situación escolar do alumno/a.

2.2. As faltas reiteradas de puntualidade (3 faltas inustificadas) a clase.

2.3. Actitude pasiva do alumnado en relación coas actividade desenvolvidas na clase e coas orientacións do profesorado, tales como:

- a) **Falta de responsabilidade** ante o traballo persoal dentro e fóra do instituto.
- b) **Falta de participación** e colaboración nas tarefas escolares.
- c) **Falta inustificada do material necesario** para a realización das actividades, así como o mal uso do mesmo.
- d) **Falta de comunicación inustificada entre as familias e o Centro** por causas imputables ao alumno/a.

2.4. A falta de respecto ao exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros/as:

- a) **Intervencións inoportunas** que distraian a atención dos compañeiros/as e o traballo do profesorado.
- b) **Non respectar a quenda de palabra.**
- c) **Correr e berrar na aula e noutras dependencias do Centro** sen que o requira a actividade docente.
- d) **Tirar obxectos**
- e) **Xogos e dinámicas que interrompan o ritmo da aula.**
- f) **Non colaborar nas tarefas asignadas ao grupo de traballo, non respectar as opinións** do resto dos seus compañeiros.

2.5. Causar, polo uso indebido, intencionado ou por negligencia, **danos non graves nos locais, material ou documentos** do Centro ou nas pertenzas dos demais membros da Comunidade Educativa.

2.6. Os actos de indisciplina e desafío leves, individuais ou colectivos, á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos, **as ofensas non graves** e os actos de agresión física ou psíquica, as ameazas e coaccións contra os demais membros da comunidade educativa que non teñan carácter de graves (empuxóns, cambadelas...).

2.7. Comer ou mastigar goma, beber durante os períodos lectivos, excepto auga co permiso do profesor/a.

2.8. Amosar un comportamento inadecuado na cafetería e no autobús escolar, tanto nos desprazamentos domicilio-centro como nos desprazamentos para actividades extraescolares, así como nos lugares de desenvolvemento das actividades.

2.9. Os actos de discriminación leve contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2.10. Calquera acto inxustifico que altere levemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

2.11. As **actuacións levemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal** dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

Art 3. Son **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**:

3.1. Os **danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia** grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa **subtracción**.

3.2. **Amosar condutas gravemente prexudiciais ou provocar calquera estrago na cafetería do Centro ou autobús escolar**, tanto nos desprazamentos domicilio-centro como nos desprazamentos para actividades extraescolares e no desenvolvemento da propia actividade.

3.3 . A **reiteración** no mesmo curso escolar de **condutas leves** contrarias á convivencia do Centro

3.4. **Non cumprir as sancións** impostas

3.5. Os **actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento** das actividades do Centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

3.6. A **gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións** que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

3.7. **Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal** de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase de indisciplina grave **a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos, substancias ou produtos** prohibidos expresamente polas normas do centro, que porte dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, cando se é requirido para iso polo profesorado.

3.8. As **agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións** contra os demais membros da comunidade educativa.

3.9. Os actos individuais ou colectivos de **desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos** que constitúan unha indisciplina grave.

3.10. Os **actos de discriminación grave** contra membros da comunidade educativa por **razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas**, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

3.11. A **incitación a actuacións moi prexudiciais para a saúde e a integridade persoal** dos membros da Comunidade Educativa do centro (incitar á agresión física, incitar a consumir tabaco, alcohol ou outras drogas, incitar a subtraer ou deteriorar obxectos do Centro ou dos membros da Comunidade Educativa, incitar ao abandono do Centro en horario escolar ou á falta de asistencia a clase..)

3.12. **Suplantar a personalidade** en actos da vida docente e a **falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.**

3.13. **As actuacións que constitúa acoso escolar**, calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro/a ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas por medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Correccións pola comisión de faltas contrarias ás normas de convivencia do centro.

Art 4. As correccións que se teñan que aplicar polo incumprimento das normas de convivencia **terán un carácter educativo e recuperador**, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da Comunidade Educativa.

En todo caso, deberá terse en conta:

4.1. Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do dereito á educación, nin no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade, de acordo co disposto no apartado a do punto 2 do artigo 18 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa. Para estes efectos non se entendera como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

4.2. Non se poden impor correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumno ou alumna.

4.3. A imposición de correccións **respectará a proporcionalidade coa conduta** do alumno/a e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

4.4. Teranse en conta a idade do alumno/a, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno e alumna antes de resolver o procedemento corrector. A estes efectos se poderán solicitar os informes que se estimen necesarios sobre as aludidas circunstancias e recomendar, no seu caso, aos pais/nais ou representantes legais do alumno/a ou as instancias públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

4.5. Poderán corrixirse disciplinariamente os actos contrarios ás normas de convivencia do Centro realizados polo alumnado que teñan lugar **dentro do recinto escolar, durante a realización de actividades extraescolares ou complementarias**, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

4.6. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas **fóra do recinto escolar**, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa, e en particular, as condutas que constitúan acoso escolar consonte o establecido no artigo 3.13 deste regulamento.

4.7. As **condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos, ou tecnolóxicos** que teñan conexión coa actividade escolar tamén poderán ser corrixidas disciplinariamente.

- **Art 5. Circunstancias atenuantes e agravantes das faltas de conduta.**

5.1. A efectos de gradación das correccións, considéranse **circunstancias atenuantes**:

- O **recoñecemento espontáneo** da conduta incorrecta.
- A **falta de intencionalidade**.
- A **reparación espontánea** do dano causado.
- A **presentación de escusas** pola conduta incorrecta.
- Non haber incumprido as normas de convivencia anteriormente.

5.2. A efectos de gradación das correccións, considéranse **circunstancias agravantes**:

- A premeditación, intencionalidade e reiteración nas condutas.
- Causar dano, injurias ou ofensas aos compañeiros e compañeiras de menor idade , aos de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que faga especialmente vulnerable a vítima da conduta.
- As condutas que atenten contra o dereito a non ser discriminado, recollido no artigo 7 punto 2 apartado c sobre dereitos e deberes do alumnado da Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Os actos realizados de forma colectiva que atenten contra os dereitos dos demais membros da comunidade educativa.
- O uso da violencia e a publicidade nas condutas contrarias ás normas de convivencia.
- A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- A natureza dos prexuízos causados.

Art 6. Responsabilidade e reparación de danos.

6.1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, **de forma intencionada ou por negligencia**, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a **facerse cargo do custo económico da súa reparación**. Así mesmo, está **obrigado a restituír o subtraído** ou, se non for posible, **a indemnizar o seu valor**. As **nais e pais ou as titoras** ou titores serán **responsables civís** nos termos previstos pola lexislación vixente.

6.2. Cando se incorra en condutas tipificadas como **agresión física ou moral**, **deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos**, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

6.3. O réxime de **responsabilidade e reparación de danos** establecido neste artigo é **compatible coas correccións disciplinarias** que, de ser o caso, correspondan.

Art 7. O Consello Escolar do centro deberá coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean a normativa vixente (Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

Art 8. O procedemento e aplicación das correccións ten en conta o establecido na Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa. As correccións levaranse a cabo como se reflicte no seguinte cadro:

| Tipo de conduta | Correccións | Aplica |
|------------------------|--|--|
| LEVE | Amoestación privada ou por escrito (<u>parte de cor</u>) e comunicación aos pais/nais da mesma. O alumno/a permanecerá na aula de dinamización de 2 a 5 recreos realizando traballos específicos da materia. | Oído o alumno/a e dando conta á xefatura de estudos o profesor/a, titor/a. A Xefatura estudos e Director/a oídos alumno/a e profesor/a titor/a |
| | Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos. | |
| | Realización de traballos específicos en horario lectivo | |
| | Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do Centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado aos bens, mobiliario ou instalacións do Centro ou ás pertenzas doutros membros da Comunidade Educativa. | Oído o alumno/a e dando conta á xefatura de estudos, titor/a. A xefatura de estudos, Director/a oídos alumno/a e profesor/a titor/a |
| | Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares do centro por un período de ata dúas semanas. | Xefatura de estudos e Director/a, oídos o alumno/a e o seu profesor/a titor/a. |
| | Cambio de grupo por un periodo de ata unha semana. | |
| | Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión , o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. | Director/a oídos o alumno/a e o seu profesor/a titor/a. Comunicación da imposición destas medidas a pai ou nai ou titor/a do alumno/a antes de que se fagan efectivas, así como o Observatorio de convivencia Escolar do Centro |
| | Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión , o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. | |

| Tipo de conduta | Correccións | |
|--------------------------------|---|---|
| GRAVEMENTE PREXUDICIAIS | Realización de tarefas, dentro ou fóra do horario lectivo, que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material ou ás pertenzas doutros membros da Comunidade Educativa. | Implica a tramitación dun procedemento disciplinario |
| | Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes. | |
| | Cambio de grupo | |
| | Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período de entre catro e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión , o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. | |
| | Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período de entre catro días e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión , o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. | |
| | Cambio de centro. | |

Art 9. Prescrición das condutas contrarias á convivencia

- **As condutas contrarias ás normas de convivencia no Centro, tipificadas de carácter leve neste regulamento, prescribirán no prazo dun mes, contando a partir da data de comisión.**
- **As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro, prescribirán aos catro meses da súa comisión.**
- O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.
- No caso de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado/a, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do mesmo.

Art 10. Prescrición das medidas correctoras.

- As medidas correctoras das **condutas leves** contrarias a convivencia prescriben aos **catro meses** da súa imposición.
- As medidas correctoras das **condutas gravemente** prexudiciais para a convivencia no centro **prescriben ao ano** de firmeza en vía administrativa.

Art 11. As resolucións que impoñen as medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

Art 12. Actuacións complementarias ás medidas correctoras.

12.1. Programa de habilidades sociais.

Elaborado e desenvolvido polo departamento de orientación, en colaboración co profesorado titor, como complemento das medidas correctoras, e dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente e, tamén, para o alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

12.2. Aula de convivencia

- a) O centro disporá dun aula de dinamización da convivencia** para a atención á diversidade.
- b) A aula de dinamización da convivencia atenderá ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo** do seu grupo-clase.
- c) A aula de convivencia estará atendida polo profesorado de garda.**
- d) Na aula de convivencia, o alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de garda, cubrirá a folla de reflexión, realizará tarefas con apoios e formación específica que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible e tarefas** correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso que proceda.
- e) Na sala de profesores haberá un libro de control da aula de convivencia** onde o profesorado de garda anotará o nome do alumnado que asistiu a dita aula durante a súa garda e as posibles incidencias.
- f) Ningún alumno/a poderá ser derivado á aula de convivencia sen actividades o tarefas** para realizar durante a súa permanencia nela.
- g) Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula** establecer as tarefas que cada alumno/a deba realizar, corrixilas e avalialas.

- h) **Os pais, nais ou titores/as legais do alumnado remitido á aula de convivencia deberán ser informados** cada vez que os seus fillos/as asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou.

12.3. Procedementos conciliados de resolución de conflitos.

Procurarase a resolución conciliada das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro, como forma alternativa á apertura de procedementos disciplinarios, buscando a función educativa e reparadora de todo proceso corrector.

O procedemento conciliador é un método de resolución de conflitos mediante a intervención de terceiras persoas, imparciais, co obxecto de axudar ás partes a obter por elas mesmas un acordo satisfactorio.

O procedemento conciliador pode, tamén, utilizarse como estratexia preventiva na xestión de conflitos entre o alumnado, aínda que estes conflitos non estean tipificados como condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.

1. O procedemento conciliador esta baseado nos seguintes principios:
 - **Voluntariedade:** o alumnado ou os seus representantes legais poderán **solicitar** a participación voluntaria nun **proceso conciliador** para a resolución de conflitos de convivencia, que esixirá un compromiso de cumprimento das accións reparadoras.
 - **Imparcialidade** do mediador/a, que non deben ter relación directa cos feitos que orixinaron o conflito, nin deben tomar parte nin impoñer ningunha solución nin medida concreta.
 - A **confidencialidade**, que obriga as persoas participantes no proceso a non revelar a persoas alleas ao proceso conciliador a información confidencial que obteñan, excepto nos casos previstos na normativa vixente.
 - **Carácter persoal**, que supón que as persoas que toman parte do proceso de conciliación teñen que asistir persoalmente ás reunión de conciliación, sen que vullan persoas representantes ou intermediarias.
2. A participación nun proceso conciliador suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará en caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
3. O cumprimento das accións reparadoras que se determinen, dará lugar á finalización do procedemento de corrector da conduta contraria á norma de convivencia.
4. No proceso conciliador haberá unha **persoa instrutora** e outra **persoa mediadora**.

Condiciones para a resolución conciliada dun conflito de convivencia:

A) Recoñecer a responsabilidade dos actos e o dano causado.

- Presentar escusas, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos.
- Comprometerse a realizar as accións reparadoras que se determinen e que realmente se realicen.

Deberá quedar constancia na resolución do procedemento da aceptación das referidas condicións por parte do alumno/a, dos seu pais/nais ou titores legais se é menor de idade, así como da conformidade coas accións reparadoras ou compromisos asumidos na conciliación.

Supostos que exclúen a posibilidade dunha solución conciliadora a un conflito de convivencia:

- Cando no conflito de convivencia concorran feitos de especial e notoria gravidade, grave violencia ou grave intimidación.
- Cando o pai/nai ou titor/a legal **non comuniquen** a súa disposición **a acollerse ao procedemento** conciliador.
- Que se fixera uso con **anterioridade deste procedemento** durante o mesmo curso escolar respecto do alumno/a en cuestión.

As actuacións de mediación. O instrutor/a e o mediador/a.

Funcións do instrutor/a.

- Practicar cantas dilixencias estime pertinentes para a comprobación dos feitos e a responsabilidade do alumno/a na súa comisión.
- Propoñer á Dirección a medida correctora ou reparadora pertinente, previamente acordadas co alumno/a, coa intervención do mediador/a.
- Asistir ao mediador/a, e prestarlle todo o apoio que precise.

O **Instrutor/a** supervisará sempre a conciliación do conflito velando especialmente por que, en todo caso, se respecten as necesarias garantías de imparcialidade, dilixencia, tratamento educativo e confidencialidade.

Funcións do mediador/a.

- Axudar ás partes a chegar a un entendemento.
- Realizar o seguimento do alumno/a corrixido para informar ó Director/a da eficacia das medidas adoptadas.

- Axudar con estratexias pedagóxicas para o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

Iniciación del procedemento.

- Unha vez incoado o procedemento disciplinario, o Director/a do centro incluírá na comunicación da apertura do procedemento disciplinario a **posibilidade** que asiste ao alumnado ou ao seus pais/nais ou representantes legais de **acollerse á tramitación conciliada**, indicando as condicións de dito acollemento.
- O alumno/a, os seus pais/nais ou representantes legais **comunicarán a opción elixida no prazo dun día lectivo** a partir da notificación, presentándose no centro a fin de que quede constancia documental.
- De non comunicarse á Dirección del Centro a opción elixida, aplicarase o procedemento disciplinario correspondente do presente Regulamento.
- Cando se opte polo procedemento conciliado, o Director/a convocará ao Instrutor e o Mediador/a, para, xunto cos interesados, estudar os feitos e desenvolver o procedemento. Esta convocatoria realizarase no prazo máximo de dous días lectivos contados desde o término do prazo para la comunicación da opción elixida.

Desenvolvemento da conciliación.

- Reunidos o Instrutor e o Mediador/a, coas partes interesadas, aquel lerá a descrición de los feitos que son obxecto del procedemento e recordará ás partes que se está ante un procedemento conciliado ao que se someten voluntariamente e que, da mesma maneira, acatarán o acordo que do acto se derive. Así mesmo, advertirase ao alumno/a, aos seus pais/nais ou aos seus representantes legais que as declaracións realizadas formarán parte do expediente disciplinario correspondente no suposto de non acadarse a conciliación.
- Tras esta lectura o Instrutor dará a palabra ás persoas convocadas que describirán os feitos. A continuación, concederase ao alumno/a e aos seus pais/nais ou aos seus representantes legais, a posibilidade de alegar canto estimen conveniente.
- O Mediador/a, intervirá de maneira activa procurando conducir de xeito conciliado o conflito con estratexias educativas e de achegamento entre as partes.
- A aceptación das desculpas por parte dos prexudicados será tida en conta á hora de determinar a medida de corrección, sen que a non aceptación implique a exclusión ou paralización do proceso conciliador.
- Finalizadas as intervencións, o instrutor precisará o tipo de conduta en función dos feitos comprobados e do nivel de responsabilidade do alumno/a, e a medida correctora aplicable que podería corresponder en razón de las circunstancias concorrentes.

- O Instrutor, valoradas as declaracións efectuadas, as circunstancias da conduta, as condicións do alumno/a e, no seu caso, a aceptación das desculpas polo ofendido, proporá o cumprimento dun **pacto de reparación**. O pacto de reparación acordado no poderán agravar a situación que puidera corresponder ao alumno/a de non acollerse a unha solución do conflito mediante o procedemento conciliado.
- Aceptado polo alumno/a, no seu caso, polos seus pais/nais ou polos seus representantes legais, o pacto de reparación e os medios para a súa realización, **poñeranse por escrito**, incluíndo, ademais, conduta contraria ás normas de convivencia imputada ao alumno/a, aceptación por parte do alumno/a ou os seu pai/nai ou titor/a legal, data de inicio das medidas recollidas no pacto de reparación e sinatura dos asistentes, finalizando o procedemento unha vez remitido o mesmo ás partes.
- De non haber acordo, continuarase co procedemento disciplinario correspondente, co cómputo de prazos establecidos neste regulamento.
- O instrutor/a ou o mediador/a pode dar por acabada a conciliación no momento que aprecie falta de colaboración nunha das persoas participantes ou a existencia de calquera circunstancia que faga incompatible a continuación do proceso conciliador de acordo cos principios establecidos no punto 1.
- O procedemento de conciliación tramitarase no prazo máximo de quince días lectivos contados dende o momento no que o alumno/a, aos seus pais/nais ou aos seus representantes legais acepten por escrito esta forma de solución do conflito.

Art 13. Partes de amoestación.

13.1. Cando na aula ou noutras dependencias do Centro, se producen condutas contrarias as normas de convivencia do Centro, o **profesorado poderá corrixir ditas condutas impondo unha amoestación por escrito ao alumno/a ou alumnos/as** responsable(s) da conduta incorrecta.

13.2. Dita amoestación por escrito será **comunicada inmediatamente aos pais, nais ou titores legais do alumno/a.**

13.3. Segundo a **gravidade da falta, imponse tres tipos de amoestacións**, diferenciadas polas cores das follas nas que están impresas (verde, amarelas e vermellas).

13.4. A **imposición dun parte de amoestación de cor verde** suporá que o alumno/a amoestado **abandonará temporalmente a aula, dirixíndose a aula de convivencia** acompañado polo Delegado/a do seu grupo. Pasados os minutos que estime o profesor/a que impón a sanción, no que o alumno/a reflexionará sobre a súa conduta, reincorporarase a súa aula. O alumno/a amoestado coa imposición dun parte verde permanecerá na aula de dinamización da convivencia durante 2 recreos. Dito parte e o motivo que o causou será comunicado inmediatamente aos pais e nais.

13.5. A imposición dun parte de amoestación de cor amarelo suporá que o alumno/a amoestado **abandonará a aula e non se reincorporará nesa sesión, dirixíndose a aula de convivencia** acompañado polo Delegado/a do seu grupo. O alumno/a amoestado coa imposición dun parte amarelo permanecerá na aula de dinamización da convivencia durante 5 recreos. Dito parte e o motivo que o causou será comunicado inmediatamente aos pais e nais.

13.6. A imposición dun parte de amoestación de cor vermello suporá que o alumno/a amoestado **abandonará a aula e non se reincorporará en toda a xornada, dirixíndose a aula de convivencia** acompañado polo Delegado/a do seu grupo.

13.7. O profesor/a que impón o parte de amoestación de cor vermello **entregará dito parte en Xefatura de Estudos, que comunicará inmediatamente ao titor/a do grupo do alumno/a e aos seus pais, nais ou titores/as legais** a amoestación e a conduta que a motivou.

13.8. O Director/a, segundo a gravidade dos feitos que provocaron a imposición do parte de amoestación vermello, **sancionará dita conduta coas medidas correctoras** que se indican no artigo 8 no cadro correspondente a fatas de conduta leves, ou pode iniciar a apertura dun procedemento sancionador por iniciativa propia ou por petición motivada do profesorado, do titor/a do alumno/a, ou da xefatura de estudos.

13.9. Para unha **inmediata comunicación aos pais, nais e titores/as legais, o profesorado deixará as amoestación impostas de cor verde e amarela en administración.** Una vez informadas as familias, os partes de amoestación entréganse en xefatura de estudos.

Art 14. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

14.1. As **medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais** para a convivencia só se poden impoñer logo da **tramitación dun procedemento disciplinario.**

14.2. A incoación do procedemento disciplinario.

Correspóndelle acordar ao **Director/a**, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titor/a alumno/a ou da xefatura de estudos, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

14.3. Notificación do procedemento disciplinario.

A incoación do procedemento disciplinario **notificarase** á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarse á inspección educativa.

14.4. Medidas provisionais.

No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, o director/a do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como **medidas provisionais** o **cambio temporal de grupo** da alumna ou alumno ou a **suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades**, por un **período non superior a cinco días lectivos**. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

14.5. Proposta de resolución e audiencia.

Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará **proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno** e, se é menor de idade, **á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo** na que poderán acceder a todo o actuado e da cal **se estenderá acta**. No caso de **incomparecencia** inustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais.

14.6. Resolución do procedemento disciplinario.

Realizado o trámite de audiencia, ao Director/a do centro ditará **resolución motivada** que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.

14.7. Notificación da resolución

A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, **nun prazo máximo de doce días lectivos** desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarse á inspección educativa.

14.7. Execución da resolución

A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

14.8. Revisión da resolución.

Contra a resolución da persoa titular do Director/a do centro cabe instar a revisión, por instancia de pais ou titores, ante o Consello Escolar **no prazo de dez días lectivos**, que propondrá, de ser o caso, as medidas oportunas.

8.1.- Compromiso educativo para a convivencia.-

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por nos ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e **asinan un compromiso educativo para a convivencia.**

Queda **excluída** a posibilidade de asinar ditos compromisos nos seguintes supostos:

- Cando concorran **feitos de especial e notoria gravidade, grave violencia ou grave intimidación.**
- Que se **fixera uso con anterioridade deste compromiso** durante o mesmo curso escolar respecto do alumno/a en cuestión.

Nun compromiso educativo para a convivencia figurará de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e (recoñecemento da responsabilidade dos seus actos e do dano causado, presentar escusas en privado ou público segundo corresponda), e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, constará os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

Entre os compromisos debe figurar:

- o recoñecemento da súa responsabilidade nos feitos ou do dano causado,
- presentar escusas en público ou privado segundo as circunstancias nas que acontecera a conduta contraria á convivencia.
- Compromiso a realizar as accións reparadoras que se determinen.
- Especificar a conduta que se espera do alumno/a.

Quen acorda propoñer este compromiso?

A proposta para asinar un compromiso educativo para a convivencia pode partir do titor/a, do departamento de orientación, da instrutora ou instrutor do procedemento corrector, da xefatura de estudos ou de dirección. Esta proposta será discutida polos anteriores axentes para decidir a conveniencia de aplicar esta medida nese caso concreto, coñecida a conduta contraria á convivencia que ocasionou a apertura do

expediente disciplinario, as circunstancias atenuantes ou agravantes e o historial de convivencia do alumno/a.

A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

Ver anexos en páxina 194

9.- Comisión de convivencia.-

A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

Composición.-

A comisión de convivencia, na súa composición, integra o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Esta composta por representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro.

Actualmente está composta polos seguintes membros: Director (Álvaro Groba Casal), xefe de estudos (Marcos Suárez Martínez) Profesorado (Ángela Cobo Fernández, Elena Lorenzo González, Isabel López Rodríguez), representantes do alumnado (Lucía González Rotea e Carla Yunta Ferreira) representantes pais/nais (Carmen Muñoz e Rosa Salinas) e representante do persoal servizos (José Carlos David Domínguez), ademais da orientadora do centro (Miriam Garabal Montes).

Normas de funcionamento.-

Está presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

Manteranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Funcións.-

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

10.-Aula de convivencia.-

No centro hai un espazo habilitado como aula de convivencia, destinado para realización de todo tipo de actividades de convivencia e onde se celebran as reunións da comisión de convivencia, do equipo de dinamización da convivencia e as sesións de mediación.

Aula de convivencia inclusiva.-

Tendo en conta que os centros deben crear aulas de convivencia inclusiva (artigo 19 da Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa) co obxectivo de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible, e tendo en conta que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, o IES do Barral crea un aula de convivencia cun dobre **obxectivo: lugar de reflexión e lugar de traballo do alumnado**. A aula de convivencia posibilita que o alumnado que reincide en condutas contrarias ás normas de convivencia, non interrompa o seu proceso educativo ao suspender o seu dereito de asistencia a clase, ao mesmo tempo que reflexiona e aprende a xestionar os conflitos de xeito pacífico.

Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva

- Na aula de convivencia só poderá haber como máximo 2 alumnos ou alumnas.
- A aula será atendida polo profesorado de garda coa colaboración do departamento de orientación e do equipo directivo.
- A xefatura de estudo será a encargada de decidir a derivación dun alumno/a á aula de convivencia.
- A familia deberá dar a súa conformidade, o que implica o compromiso de colaborar na modificación da conduta do alumno/a e na realización das tarefas encargadas polo profesorado, ademais de acudir as entrevistas as que se consideren oportunas.
- O alumnado debe acudir á aula de convivencia con material de traballo das distintas materias que será revisado e cualificado polo profesorado da materia.
- Para que o alumnado sexa derivada a aula de convivencia inclusiva é necesario que o alumno teña un parte de amoestación vermello ou acumule partes de amoestación doutros cores (3 amarelos = 1 vermello; 3 verdes = 1 amarelo)

Incorporación á aula de convivencia.-

1. A xefatura de estudos convocará unha reunión coa orientadora e o titor/a.
2. Analizadas as condutas e as medidas adoptadas, decídese sobre enviar ao alumno/a á aula inclusiva. **(Anexo I)**
3. A xefatura de estudos comunicaralle á familia a decisión e preguntará se están conformes.
4. A familia debe asinar un compromiso de colaboración. **(Anexo II)**
5. Unha vez asinado o compromiso polas familias, informarase ao profesorado. A xefatura de estudos pedirá ao profesorado do grupo que faciliten material de traballo no prazo máximo de dous días. Este traballo será entregado na xefatura e colocado nunha carpeta co nome do alumno **(Anexo III)**
6. O/A orientador/a elaborará un programa específico de actividades de reflexión e resolución de conflitos.
7. A xefatura de estudos informará ao profesorado de garda dos días de inicio e fin da estancia do alumno na aula.
8. O profesorado de garda acudirá á aula na hora que lle corresponda. Consultará as actividades a realizar e instará ao alumno a realizalas. Ao remate da hora, fará constar na folla de seguimento as actividades realizadas e a actitude do alumno **(Anexo IV)**
9. A orientadora acudirá á aula nas horas asignadas ao traballo sobre habilidades sociais. **(Anexo V e VI)**
10. Ao rematar o tempo que o alumno tiña que pasar na aula, reuniranse o titor/a, a orientadora e a xefatura de estudos para analizar o desenvolvemento da medida. **(Anexo VII)**

Atención da aula de convivencia inclusiva durante os recreos.-

O alumnado ao que se lle impón un parte de amoestación por escrito por incumprimento das normas de convivencia deberá acudir durante o recreo a aula inclusiva para realizar actividades de reflexión sobre a súa conduta.

O funcionamento da aula inclusiva durante o recreo será o seguinte:

- 1.** O profesor/a **pasará lista** dos alumnos/as que deben estar na aula de convivencia, deixando constancia dos que non están (*dita listaxe figurará no “caderno de dinamización”*).
- 2.** O alumnado que deba permanecer na aula de convivencia durante o recreo, **podará saír entre os 5-10 últimos minutos**, sempre e cando estivera facendo as tarefas que se lle indicaron. En caso contrario, deberá permanecer na aula de convivencia durante todo o recreo.
- 3.** O profesor/a **entregaralle a cada alumno/a as actividades** que teñan asignadas para ese día na “ficha de control da aula de convivencia”. *Todas as actividades están numeradas.*
- 4.** Cada día, hora e por cada alumno/a, o profesor/a deberá **cubrir a “ficha de control da aula de convivencia”** onde quedará constancia da data, se o alumno realizou ou non as tarefas, as observacións que considere oportunas e asinará.
- 5.** Cando un alumno/a non realice unha actividade permanecerá un día mais na aula de convivencia realizando dita actividade.
- 6.** Ao finalizar a xornada, tanto a “ficha de control da aula de convivencia” como as actividades realizadas polos alumnos/as deixaranse no compartimento da sala de profesores asignado para a aula de convivencia.

11.-Mecanismos de colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

Colaboración interna

O equipo de dinamización da convivencia, formado por profesores e profesoras de distintos departamentos, vicedirección e orientación, coordina todas as actividades relacionadas coa convivencia que se realizan no centro. A principios de curso realízase un esquema coas tarefas básicas a realizar, distribuíndose o traballo entre os distintos profesores/as do equipo de dinamización da convivencia.

DISTRIBUCIÓN DE TAREFAS EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA

1. CONVIVENCIA + MEDIACIÓN

| TAREFA | PROFESORADO ENCARGADO |
|---|-----------------------|
| Charlas sobre acoso escolar (2º ESO), charla sobre consentimento nas relacións (2º ESO e 1º BACH). | |
| Presentar a mediación ao novo alumnado de 1º da ESO por parte do alumnado mediador de 4º eso e 1º bac. | |
| Elaborar enquisa e obter conclusións para valorar a convivencia no centro para alumnado . | |
| Elaborar enquisa e obter conclusións para valorar a convivencia no centro para profesorado . | |
| Elaborar enquisa e obter conclusións para valorar a convivencia no centro para familias . | |
| Revisar o funcionamento do concurso de aula e aportar propostas de mellora. | |
| Elaborar fichas para reflexionar sobre os conflitos para a aula de convivencia , valorar os resultados obtidos para facer propostas de mellora nos próximos cursos con este tipo de alumnado. | |
| Publicitar a mediación no centro (Elaborar orla de alumnado mediador, decorar a aula de convivencia,elaborar un rótulo para a aula de convivencia,...) | |

2. COEDUCACIÓN E IGUALDADE

| TAREFA | PROFESORADO ENCARGADO |
|---|-----------------------|
| Organizar tarefas para días sinalados: 25 de novembro: día internacional contra a violencia de xénero. 8 de marzo: día Internacional da muller. | |
| Continuar co proxecto de "Homenaxe a Mulleres das nosas vidas " | |
| Preparar a participación do alumnado no acto institucional organizado polo concello de Pontearreas no Día Contra a violencia de xénero. | |
| Campionatos coeducativos nos recreos+ campionatos Intercentros ao final de curso | |

3. CELEBRACÓN

| TAREFA | PROFESORADO ENCARGADO |
|---|-----------------------|
| Axudar a organizar actividades para mellorar a convivencia en días sinalados: Magosto, Samaín, Nadal, Semana Santa, Fin de curso..... | |

Colaboración coas familias

O centro establece a coordinación coas familias mediante as seguintes actuacións:

- As familias están totalmente informadas dos asuntos máis significativos que teñen que ver coa conduta dos/as alumnos/as. As familias relaciónanse co Centro fundamentalmente a través dos titores, os cales convocan aos pais, ben colectivamente a principios de curso, ben individualmente, ao longo do mesmo.
- Con frecuencia, o Equipo Directivo, envía notas informativas para as familias onde aparecen reflectidos aqueles aspectos que se consideran de interese y que gardan relación coa educación dos alumnos, e, a miúdo, inclúe apartados que teñen que ver ca convivencia no Centro .
- Dende a AMPA do centro transmítense as inquiredanzas das familias en aspectos relacionados coa convivencia , en permanente contacto co Equipo Directivo do centro, e cos seus representantes no Consello Escolar.
A participación das familias na AMPA non é extremadamente significativa, podería mellorar en base ao elevado número de alumnos que asisten ao centro. A xunta directiva colabora co centro na organización de actividades enfocadas a mellora da convivencia.

- Organízanse **actividades de acollida para o alumnado** que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias. As actividades de acollida teñen como finalidade facilitar o proceso de escolarización, a adaptación e a integración do alumnado de novo ingreso no centro ao entorno escolar.

Para a organización da visita do alumnado de primaria elaboramos unha distribución dos distintos centros adscritos

| | | |
|----------------|--------------------------------------|----------------------------------|
| 1ª hora | CEIP FELICIANO BARRERA | CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA |
| 2ª hora | CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ | |
| 3ª hora | CEIP RAMIRO SABELL (36) | |

Coas seguintes instrucións:

1. A recepción do alumnado farase na entrada do centro onde se distribuirán os grupos.
2. Levará a cabo dita recepción o alumnado axudante previamente designado polo equipo de mediación .
3. Asignase a cada grupo un profesor do grupo de convivencia que acompañará ó alumnado axudante correspondente.
4. O profesorado acompañante levará con el a chave mestra que lle facilitará ó alumnado axudante para o percorrido.
5. O profesorado acompañante unicamente vela por manter a orde durante a visita. A información será transmitida polo alumnado axudante (salvo que percibades que precisan da vosa axuda).

O IES do Barral colabora con outros centros educativos e organismos do contorno (Cruz Vermella, Concello Pontearreas, Arela) en actividades de diverso tipo (lúdicas, de formación, deportivas...) que teñen unha incidencia directa na convivencia do centro.

A coordinación e organización desta actividades realízase dende diversos departamentos didácticos, especialmente o departamento de orientación e tamén vicedirección. O Concello de Pontearreas actúa en moitas destas actividades de organizador, promotor e coordinador, facilitando e posibilitando a relación entre os distintos centros educativos e, mesmo, con outras institucións e organismos do contorno.

12.-Estratexias para a difusión do plan de convivencia.

O plan de convivencia do centro debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa e polos sectores do contorno que poidan ser interesados. Levaranse a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

A comisión de convivencia garantirá esta difusión, considerando as seguintes canles:

- Consello escolar.
- Tutorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- Reunións da xunta de delegados.
- Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura no contorno do centro educativo.
- ANPA do centro ou dos centros educativos do contorno.

Os medios para levar a cabo esta difusión poderían ser:

- Reunións informativas, comunicacións escritas, sesións de traballo tutorial...
- Folletos, trípticos.
- Exposición nos lugares oportunos do centro: paneis informativos, carteis...
- Páxinas web.

Os momentos clave para facer esta difusión son:

- Ao inicio do curso: informarase da concreción anual do plan de convivencia para o curso e dalgún punto importante estable deste (punto de partida, obxectivos e plan que se vai seguir).
- Ao longo do curso: cando se dispoña de nova información, información dos avances, novos acordos...
- Ao final do curso: resumo do elaborado, implicacións, propostas de mellora, compromisos e plan para o seguinte curso.

- Todos aqueles momentos, formais e informais, da vida cotiá do centro nos que o coñecemento do que se está facendo ofrece información relevante para a toma de decisións, proposta de actividades... e para reforzar a implicación das persoas no proceso e impulsar novas incorporacións (titorías, asembleas de grupo, de curso, reunións cos distintos estamentos...).

13.-Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

Hai que valorar e mellorar as accións proxectadas para que sexan accesibles, aplicables e eficaces e, de ser o caso, propoñer novas accións. A comisión de convivencia terá a tarefa de facer un seguimento periódico e sistemático deste e, xa que na súa composición están representados todos os sectores da comunidade educativa, serán os seus membros os encargados de recoller a información de cada un dos seus estamentos para a súa análise, valoración e propostas de realizar os axustes necesarios de xeito inmediato.

Para avaliar o plan de convivencia tómanse como referente as actuacións marcadas. Cada unha delas terá diferentes responsables (individualmente, equipos formado para este fin, comisión de convivencia...) e uns prazos para facelo. Nesta avaliación deberemos ter en conta diferentes fontes de información: documentos, rexistros, informes, medios materiais, recursos humanos... (propios ou alleos ao noso alcance), os instrumentos necesarios que faciliten a súa sistematización. Rematados os prazos, analízase o grao de consecución.

A comisión de convivencia deberá facer unha avaliación trimestral do plan e ao final do curso elaborará unha memoria anual deste. Proporase unha avaliación logo de cada actuación desenvolvida no plan. Os responsables desta avaliación serán, en primeiro lugar, a comisión de convivencia, o equipo directivo e o consello escolar, coa participación de todos os sectores da comunidade educativa.

Entre os ámbitos e criterios desta avaliación podemos destacar:

└

En relación co contorno social

: relacións centro educativo-institucións do contorno;

relacións familia-institucións do contorno; oferta de formación e ocio das institucións do contorno; plans de mellora da convivencia social...

O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

Logo da avaliación do plan de convivencia e en vista dos resultados acadados, o equipo directivo, xunto coa comisión de convivencia, arbitrará un procedemento para que os demais estamentos do centro (claustro de profesores, xunta de delegados e delegadas de alumnos e alumnas, asociacións de alumnado, ANPA...) realicen as propostas de mellora que consideren pertinentes para incluír na memoria final.

A comisión de convivencia, ao final de cada curso, elaborará a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará ao final de cada curso escolar a memoria do plan de convivencia elaborada pola comisión de convivencia. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

Ao comezo de cada curso escolar, revisarase o plan de convivencia co obxecto de analizar a evolución do estado da convivencia no centro e incorporar ao plan, e sobre todo á súa concreción anual, as propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior.

Criterios para a avaliación anual da convivencia

| Criterios | Aspectos que hai que considerar |
|---|---|
| 1. Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior | <ul style="list-style-type: none"> • Existen informes anuais nos que se recollan clasificados os conflitos detectados? • Como se considera a evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior? • Os obxectivos do plan de convivencia determináanse a partir de informes anuais e outras evidencias contrastables? |
| 2. Alcance do plan de convivencia. | <ul style="list-style-type: none"> • Recolle valores e actitudes (acolliada, coeducación, competencia social, comunicación, educación emocional, educación para a paz, inclusión, mediación, símbolos identitarios)? • Recolle resolución de conflitos (absentismo, conflitos leves, conflitos graves)? • Afecta á organización escolar (estrutura e xestión dos recursos, participación, normas)? |
| 3. Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. | <ul style="list-style-type: none"> • Alzáronse os obxectivos propostos no plan de convivencia? • O plan de convivencia deu resposta a aspectos que inciden na convivencia escolar nos tres ámbitos de actuación (aula, centro e contorno)? |
| 4. Renovación do plan de convivencia. | <ul style="list-style-type: none"> • Existe un procedemento de renovación anual do plan de convivencia? • O plan aválase anualmente e fanse propostas de mellora? |
| 5. Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia | <ul style="list-style-type: none"> • Faise un seguimento periódico do plan? • As actividades desenvolvéronse coa temporización prevista? • O desenvolvemento das actividades produciu os efectos esperados? |
| 6. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. | <ul style="list-style-type: none"> • Cal é o grao de implicación do profesorado na prevención e resolución de conflitos? • Cal é o grao de implicación do persoal de administración e servizos na prevención e resolución de conflitos? • Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación? • Cal foi o grao de colaboración das familias nas diferentes actuacións de corrección levadas a cabo no centro? |
| 7. Funcionamento da comisión de convivencia do centro. | <ul style="list-style-type: none"> • Cantas veces se reuniu ao longo do curso? • Cales foron os principais temas tratados? • Realizou o seguimento do plan de convivencia? • Colaborou na planificación de medidas preventivas e na resolución de conflitos no centro? |
| 8. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia. | <ul style="list-style-type: none"> • Existe a figura de coordinador da convivencia no centro? • Dáse resposta ás súas necesidades formativas? • Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento das actividades previstas no plan de convivencia? • Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as |

| | |
|--|---|
| | <p>tutores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento na aplicación do plan de acción tutorial?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cal foi o grao de colaboración e coordinación do departamento de orientación e o EOE? |
| 9. Actividades formativas á comunidade educativa para mellora da convivencia. | <ul style="list-style-type: none"> • Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia? • Cal foi a resposta e a implicación nas actividades dos diferentes sectores da comunidade educativa? |
| 10. Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas. | <ul style="list-style-type: none"> • Existen protocolos claros e definidos de actuación? • Recóllense nestes os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? • Existe un procedemento de actualización dos protocolos? • Os ditos protocolos son coñecidos e as versións actualizadas están á disposición de todos os membros da comunidade educativa afectados por eles? |
| 11. Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso. | <ul style="list-style-type: none"> • Existen protocolos claros e definidos de actuación? • Inclúen estes protocolos o illamento ou baleiro social e o acoso informático? • Recóllense neles os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? • Os ditos protocolos son coñecidos por todos os membros da comunidade educativa? • A dirección do centro nomea a unha persoa responsable da atención á vítima? |
| 12. Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. | <ul style="list-style-type: none"> • Existe un protocolo? • Hai profesorado nomeado especificamente para a organización e atención da aula de convivencia? • Está elaborado, e utilízase na aula de convivencia, un programa de habilidades sociais? |
| 13. Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. | <ul style="list-style-type: none"> • Existe máis dun procedemento conciliado de resolución de conflitos de convivencia? • O alumnado e as familias solicitan utilizar procedementos conciliados? • Cando se utilizaron os ditos procedementos, favoreceron a resolución do conflito? |
| 14. Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico. | <ul style="list-style-type: none"> • Existen protocolos de actuación ante o absentismo e o abandono escolar temperán? • Existen mecanismos de detección temperá nos casos de desatención familiar ou situacións externas ao centro que teñan repercusión sobre a escolarización do alumnado? • Entre os obxectivos do plan de convivencia recóllese favorecer os cambios metodolóxicos que potencien o éxito académico? • Demandáronselles propostas de actuación para a mellora do éxito académico aos departamentos didácticos e á comisión de coordinación pedagóxica? • Os departamentos didácticos e a comisión de coordinación pedagóxica fixeron propostas neste sentido? |

| | |
|---|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> • Desenvolvéronse accións específicas encamiñadas a favorecer a inclusión e a mellora da convivencia a través do éxito académico? |
| 15. Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. | <ul style="list-style-type: none"> • Está elaborado o programa de habilidades sociais? • Trátase de forma transversal a competencia social e cidadá? • Elabóranse programas nos que se traten contidos como aprender a pensar, educación emocional, educación en valores e habilidades sociais? |
| 16. Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro. | <ul style="list-style-type: none"> • Establecéronse mecanismos para medir o grao de satisfacción da comunidade educativa coa situación da convivencia no centro? • Cal é o grao de satisfacción da comunidade educativa en relación coa convivencia no centro? • Cales son as principais propostas de continuidade e mellora? |

Informe de seguimento e avaliación anual do plan de convivencia

| Criterio | Puntuación (0-10) | Observacións |
|---|--------------------------|---------------------|
| Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. Moi negativa: 0 Moi positiva: 10 | | |
| Alcance do plan de convivencia. Non hai plan: 0 Alcance moi amplo:10 | | |
| Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. Non se cumpriu ningún: 0 Cumpríronse todos:10 | | |
| Renovación do plan de convivencia. Non se renova: 0 Renóvase anualmente:10 | | |
| Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. Non se desenvolveu ningunha: 0 Desenvolvéronse todas: 10 | | |
| Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. Non hai implicación: 0 Implicación total: 10 | | |
| Funcionamento da comisión de convivencia do centro Moi deficitario: 0 Excelente:10 | | |
| Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia Non existiu coordinación: 0 A coordinación foi moi alta: 10 | | |
| Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia Non existen: 0 Fixéronse un gran número: 10 | | |
| Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10 | | |
| Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso? Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10 | | |
| Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10 | | |
| Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10 | | |
| Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10 | | |
| Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10 | | |
| Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro Moi negativa: 0 Moi positiva: 10 | | |

14.-ANEXOS

14.01.- Anexos do plan de mediación

REXISTRO DA MEDIACIÓN

MEDIADORES/AS: _____ DATA: _____

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE O CONFLITO:

POSICIÓN E FEITOS DE CADA PARTE;

SENTIMENTOS E ACTITUDE DE CADA PARTE:

NECESIDADES DE CADA PARTE:

MEDIADOS/AS

MEDIADORES/AS

Asdo:

Asdo:

REXISTRO DO ACORDO PARA A MEDIACIÓN

Este documento é un acordo entre _____ e _____
para a resolución dun problema ou dunha situación que nos trouxo a mediación.

Comprometémonos a :

Data da revisión destes compromisos:

Sinaturas:

Asdo:

Asdo:

REVISIÓN DA MEDIACIÓN

1.- Cumpristes os compromisos?

Sí

Non. Por que? _____

2.- Cal é a vosa relación agora?

3.- Que vades a facer a partir de agora?

4.- Valoración da mediación (que che pareceu, como te sentiches, a intervención foi rápida, lenta, Axeitada...)

Sinaturas:

Asdo:

Asdo:

FICHA DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN

DATA:

NOME E APELIDOS:



1. QUE PASAOU? CAL É O CONFLITO?

2. QUEN SON AS PERSOAS IMPLICADAS?

3. O PROBLEMA VEN DE ANTES OU XURDIU AGORA?

4. QUE MEDIADOR/A ELIXES? (non é seguro que poda ser o que ti elixas)

Diploma dos mediadores.



14.02.- Anexo Prácticas restaurativas

Preguntas para círculos restaurativos

5. ¿Qué comida exótica te gustaría comer?
6. ¿Con qué personaje de una película/comic/dibujos animados... te identificas y por qué?
7. ¿Si pudieras ser un súper héroe, cual te gustaría ser y por qué?
8. ¿Qué deporte de aventura te gustaría hacer?
9. ¿Cuál es la anécdota o travesura que has hecho un día y que te gustaría compartir?
10. ¿Qué profesión te gustaría tener? ¿Qué te gustaría hacer cuando seas mayor?
11. ¿Qué haces en tus ratos libres?
12. ¿Qué tipo (que género) de películas te gusta?
13. ¿Cuándo es tu cumpleaños y qué signo zodiaco eres?
14. ¿Qué tipo de regalo te gustaría recibir el día de tu cumpleaños?
15. ¿Cómo te gusta que te llamen? o ¿Cómo te llaman de forma cariñosa?
16. ¿Cuál es tu juego favorito?
17. ¿Cuáles son tus principales temores?
18. ¿Cuál es tu curso/asignatura favorito/a?
19. ¿Cuál es tu color favorito?
20. ¿Qué te gusta del recreo?
21. ¿Qué te agrada de tu colegio/trabajo?
22. ¿Cuál fue tu peor castigo?
23. ¿Qué te gustaría hacer durante tus vacaciones?
24. ¿Di una habilidad o talento que tienes?
25. ¿Qué dibujo animado te gusta?
26. ¿Cuál es el mejor (o uno de los mejores, a veces “lo mejor” cuesta escogerlo) recuerdo de tu infancia? o de tu vida?
27. ¿Qué juguetes te gustan, y porque?
28. ¿Qué artista/s admiras y por qué?
29. ¿Cuál es tu plato/comida favorito/a? (o uno de tus favoritos, a veces cuesta decidir “el favorito”, igual que “el mejor” y esto puede demorar mucho la respuesta)
30. ¿Qué deporte te gusta?
